



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria da actividade 2021



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



Índice.

	Páxina
FUNCIÓNS, COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN	3-6
I. FUNCIÓNS E COMPETENCIAS	3-4
1. Competencias propias	3
2. Competencias delegadas	4
II. ORGANIGRAMA DA FGC	4-5
1. Estrutura da FGC	5
III. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL	6
A RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS	7-13
I. LICENZAS DE CAZA	7-8
1. Idade do cazador galego	8
2. Clase de licenzas	8
II. FEDERADOS	9-13
1. Tipo de licenza federativa	10
2. Sinistralidade dos federados	11
3. Ranking do deporte federado	12-13
A RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES	14-16
I. ENTIDADES FEDERADAS	14
II. TECORES E EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS	15-16
1. Tecores	15
2. Explotacións cinexéticas comerciais	16
3. Superficie cinexética	16
III. RELACIÓN ENTRE SOCIEDADES, TECORES E MUNICIPIOS	17
A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA	18-24
I. CAZA MAIOR	18-23
1. Evolución dos cupos e capturas	19-20
2. Sinistralidade producida polos animais	21-23
3. Seguros de responsabilidade civil de tecor e siniestralidade	23
II. CAZA MENOR	24
A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA	25-30
I. CALENDARIO OFICIAL	25
II. ÁREA TÉCNICA	26
III. CAMPIONATOS DE ESPAÑA ORGANIZADOS POLA FGC	26-27
1. Copa España de Rastro de Coello	26
2. Campionato de España de Compak Sporting	27
IV. SELECCIÓN GALEGA	28-30
A FORMACIÓN DO CAZADOR: CURSOS DE CAZA	31-32
I. CONTIDOS	31
II. AVALIACIÓN	32
III. ENQUISA DE SATISFACCIÓN	32
A ASESORÍA XURÍDICA DOS FEDERADOS	33
AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA PARA FEDERADOS	34
O CLUB DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA FEDERADOS	35
A ASESORÍA VETERINARIA E SERVIZO DE ACTUACIÓN NO REGIAC	36
AS XUVENTUDES POLA CAZA	37
OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DA FGC	38-41
I. GALICIA CINEXÉTICA	38
1. Web e redes sociais	38
2. Revista Galicia Cinexética	38
II. PÁXINA WEB	39-41
1. As visitas	39
2. Seguros, licenzas e emisoras	39
3. Trámite online de licenzas federativas e documentos únicos	40
4. As redes sociais	41
5. As publicacións máis relevantes	41
A AXENDA FEDERATIVA	42-48
ANEXO (Relación de campións e outra información calendario deportivos)	

Funcións, competencias e organización.

I. FUNCIÓN E COMPETENCIAS.

A FGC é a **única entidade que representa o deporte da caza na CCAA de Galicia.**

A FGC é a **única entidade que agrupa aos deportistas/cazadores e ás sociedades, clubs e asociacións**, entoutros colectivos, que se adican á práctica do deporte da caza ou outras actividades que con ela se relacionen.



A FGC exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, **actuando como axente colaborador da Administración pública.**

A FGC é o **único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma de Galicia**, na esfera das súas competencias.

1. *Competencias propias.*

- **Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas** en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- **Coidar e defender ante a opinión pública e ante as institucións de carácter privado ou público a figura do cazador** como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- **Defender os lexitimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas**, promovendo cantas accións considere convenientes ou necesarias a estes efectos.
- **Desenvolver iniciativas no campo da ecoloxía** dirixidas á defensa do medio natural.
- **Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería**, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- **Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza**, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionen co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coadxuvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- **Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e mellora do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas.** A FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- **Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais**, relacionados co deporte da caza, así como propoñerlle as medidas convenientes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexitimos intereses dos cazadores.
- **Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza mediante actividades dirixidas á xuventude**, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC.

2. Funcións públicas delegadas.

Baixo a tutela da administración deportiva, a FGC exerce, en réxime de exclusividade, a promoción e divulgación do deporte da caza en todas as súas facetas, entroutras funcións públicas delegadas.

II. ORGANIGRAMA DA FGC.


Os órganos da FGC estrutúranse en:

	• Asemblea xeral • Comisión delegada da asemblea • Presidente
Órganos complementarios dos de goberno e representación	• Xunta directiva • Comisión executiva • Secretaría xeral • Tesourería
Órganos técnicos e asesores	• Comité de disciplina deportiva • Comité de xuíces e árbitros • Comisión de xuventudes • Comisión de competicións • Comité de mediación, conciliación e arbitraje

O último proceso electoral para a elección dos representantes da asemblea xeral, comisión delegada e presidencia, desenvolveuse no ano 2018, resultando **reelixido presidente, por terceiro mandato consecutivo, Javier Nogueira Diz** que, unha vez proclamado, pasaba a formar parte da asemblea xeral e a presidir todos os órganos federativos ata o ano 2022, que se celebrará a seguinte convocatoria electoral.

Trala elección dos diferentes órganos de goberno e representación, o presidente designaba á súa xunta directiva, e a asemblea xeral nomeaba ás persoas que integrarían os diferentes órganos técnicos e asesores, quedando conformado o organigrama federativo conforme ao esquema que figura na páxina seguinte.

1. Estrutura da FGC.



III. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

A FGC estrúturase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas **federacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra**.


Os catro Delegados Provinciais, unha vez nomeados polo presidente da FGC a proposta da asemblea provincial, pasan a formar parte da xunta directiva da FGC.

Os presidentes provinciais exercen no seu ámbito territorial as mesmas funcións que as establecidas para o presidente da FGC, actuando por delegación deste.

Para o mellor cumprimento das súas funcións, poderán designar unha xunta directiva, dando conta ao presidente da FGC e á asemblea provincial.

A asemblea provincial, que **deberá celebrarse anualmente antes da asemblea da FGC**, intégrana todos os representantes das entidades deportivas federadas da provincia así como os deportistas, xuíces e árbitros, e outros colectivos (xuventudes) membros da asemblea xeral da FGC pola circunscrición provincial.

A finais do ano 21, as asembleas das respectivas Federacións Provinciais acordaban convocar o **proceso electoral para a elección dos Presidentes Provinciais** que se desenvolverá nos primeiros meses do 2022.




A relación entre cazadores e federados.

Pechábase o 2021 con **preto do 55% dos cazadores da CCAA federados**, a segunda taxa máis alta da historia da FGC só superada durante a pandemia do 2020 polas razóns que se analizarán ao longo desta memoria.

Ao examinar os datos por provincia, obsérvase que **Lugo segue a ser a provincia con maior proporción entre cazadores e federados, con máis do 66% dos cazadores da provincia afiliados á FGC**, seguida de Coruña na que están federados o 61% dos cazadores con licenza por esta provincia. En Pontevedra estano o 60% e en Ourense preto da cuarta parte dos cazadores desa provincia.


Provincia	Licenzas caza 2021	Federados 2021	%
Coruña	11.754	7.137	60,72%
Lugo	8.179	5.407	66,11%
Ourense	7.151	1.745	24,40%
Pontevedra	8.816	5.271	59,79%
TOTAL	35.900	19.560	54,48%



I. LICENZAS DE CAZA.

Segundo os datos facilitados pola Consellería CMATV, durante o ano 2021 **expedíronse 35.900 licenzas de caza entre as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e outras 918 máis nas entidades bancarias (fóra da CCAA), emitíndose no seu conxunto un total de 36.818 licenzas.**

Expedíronse 99 licenzas de caza máis que no 2020. **Desde o ano 2011 é a primeira vez que se rexistra un incremento de licenzas.**



Nos últimos 10 anos as licenzas foron diminuindo ano a ano, ata un total de 16.816 cazadores menos nese período, por tanto todo parece indicar que o incremento producido nesta tempada podería estar dentro do contexto da pandemia do ano 2020 que, si ben é certo que non afectou practicamente ao desenvolvemento da actividade cinexética, posiblemente houbo cazadores que non

practicaron a caza polas circunstancias sanitarias anómalas e, por outro lado, os desprazamentos de cazadores entre Comunidades si se viu afectado polo confinamento. De feito ao analizar os datos de licenzas obsérvase que as emitidas nas entidades bancarias fóra da CCAA medran un 42% respecto ás do 2020.

Provincia	Licenzas caza 2021	Licenzas caza 2020	Dfa	%
CORUÑA	11.754	11.906	-152	-1,28
LUGO	8.179	8.293	-114	-1,37
OURENSE	7.151	7.122	29	0,41
PONTEVEDRA	8.816	8.751	65	0,74
TOTAL CAZADORES GALEGOS	35.900	36.072	-172	-0,48
Licenzas emitidas en Bcos (fóra da CCAA)	918	647	271	41,89
Total Licenzas de Caza Galicia	36.818	36.719	99	0,27

1. Idade do cazador galego.

A maioría dos cazadores galegos sitúanse na franxa de idade comprendida entre 18 e os 65 anos, pero os menores de 18 anos e maiores de 65 xa son a terceira parte do colectivo, pasando do 22% do ano 2014 ao 32% actual, mentres que no mesmo período os maiores de 18 anos e menores de 65 diminuíron do 78% ao 68%.

Respecto aos cazadores noveis compre sinalar que durante o 2021 incorporáronse á actividade cinexética, despois de aprobar o exame do cazador, 229 novos cazadores (74 de Coruña, 56 de Lugo, 83 de Ourense e 16 Pontevedra).

Por outro lado, ao cotexar os tramos de idade do cazador galego co censo de habitantes da CCAA obsérvase que os datos son casi idénticos, o 61% da poboación de Galicia ten entre os 18 e 65 anos e o 26% dos habitantes están na franxa que vai dos 16 (idade mínima para cazar) aos 18 anos ou teñen máis de 65.

LICENZAS DE CAZA POR TRAMO DE IDADE	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL	%
LICENZAS ENTRE 18 E 65 ANOS	7.858	5.541	4.423	6.051	23.873	67,66%
LICENZAS +16 E -18 ANOS E +65 ANOS	3.665	2.518	2.604	2.623	11.410	32,34%
TOTAL 2021 POR TRAMOS IDADE ⁽¹⁾	11.523	8.059	7.027	8.674	35.283	

⁽¹⁾ Exclúense da táboa anterior as licenzas de estranxeiros (4), mandas con fins de caza (5) e interautonómicas (616) ao non estar desagregadas por idade, e tampouco se teñen en conta as de foráneos (910 pois as 8 restantes asígnanse ás interautonómicas).

DATOS DE POBOACIÓN (INE 1-7-2021)	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL	%
HABITANTES ENTRE 18 E 65 ANOS	690.410	194.199	175.792	591.492	1.651.893	61,38%
HABITANTES +16 E -18 ANOS	19.041	4.598	4.448	17.658	45.745	26,33%
HABITANTES +65 ANOS	269.827	91.692	92.467	208.901	662.887	
HABITANTES -16 ANOS ⁽²⁾	140.676	34.702	31.367	123.950	330.695	12,29%
TOTAL HABITANTES 2021 CCAA GALICIA	1.119.954	325.191	304.074	942.001	2.691.220	

⁽²⁾ Os datos do censo de poboación de menores de 16 anos non se ten en conta aos efectos de comparalo coas licenzas, dado que a idade mínima para cazar en Galicia é de 16 anos.

2. Clase de licenzas.

Ao examinar as diferentes clases de licenzas de caza que se expediron, confírmase que a práctica totalidade dos cazadores galegos utilizan a licenza de clase "A" que autoriza para a caza con arma de fogo, mentres que aqueles que utilizan a de clase "B" (para cazar con cans, armas ou cetraría) non alcanzan o 1%, non obstante dispoñer dunha licenza para uso de armas de fogo non significa que necesariamente se utilicen armas nin tampouco que non se empreguen outros medios de caza. Entre as licenzas emitidas, **616 corresponden a interautonómicas** que non se desagregan nin por tipo de licenza nin por tramos de idade.

Ano	Clase de licenza			TOTAL	%	
	Armas fogo	Cans, arco e cetraría	Mandas		Armas fogo	cans, arco e cetraría
2021	36.561	252	5	36.818	99,30%	0,68%
2020	36.348	355	16	36.719	98,99%	0,97%
2019	38.276	442	24	38.742	98,80%	1,14%
2018	38.839	575	7	39.421	98,52%	1,46%
2017	41.785	618	4	42.407	98,53%	1,46%
2016	44.034	365	5	44.404	99,17%	0,82%
2015	45.846	128	10	45.984	99,70%	0,28%
2014	46.492	93	6	46.591	99,79%	0,20%

II. FEDERADOS.

Durante o 2021 a FGC emitiu **19.560 licenzas federativas autonómicas**, que tamén habilitou con carácter nacional. Delas 17.354 corresponden aos denominados Documentos Únicos que, ademais da licenza federativa, levan implícito o seguro de responsabilidade civil obrigatorio, voluntario e defensa xurídica do cazador.

TIPO DE PRODUCTO	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL FEDERADOS		DFA	TOTAL DOC.ÚNICOS		DFA
	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2020		Ano 2021	Ano 2020	
Lic. Federativa (P)	831	1.126	827	954	201	307	347	673	2.206	3.060	-854			0
DOC. ÚNICO (J)	153	146	145	139	37	30	135	91	470	406	64	470	406	64
DOC. ÚNICO (N)	840	892	206	208	113	176	1.077	1.189	2.236	2.465	-229	2.236	2.465	-229
DOC. ÚNICO (Q)	655	703	428	449	243	210	708	780	2.034	2.142	-108	2.034	2.142	-108
DOC. ÚNICO (R)	139	121	19	20	13	12	100	137	271	290	-19	271	290	-19
DOC. ÚNICO (S)	1.204	1.302	1.043	1.095	380	365	1.494	1.438	4.121	4.200	-79	4.121	4.200	-79
DOC. ÚNICO (PREM)	3.315	3.041	2.739	2.596	758	697	1.410	1.263	8.222	7.597	625	8.222	7.597	625
TOTAL	7.137	7.331	5.407	5.461	1.745	1.797	5.271	5.571	19.560	20.160	-600	17.354	17.100	254
DFA 2021/22	-194		-54		-52		-300		-600			254		

O ano pechábase con 600 federados menos que o anterior, observándose esta diminución en todas as provincias, nembargantes ao analizar a produción no seu conxunto constátase que esta minoración vén dada precisamente pola licenza federativa tipo "P" parece que debido á migración de cazadores non federados que aproveitaron para federarse durante o confinamento de 2020 de cara a obter as prerrogativas do deporte federado, volvendo a situarse o número de federados actuais practicamente nas mesmas cifras do 2019. Non obstante, se obviasemos as baixas rexistradas nas licenzas federativas polo motivo apuntado, o resultado final da produción sería positivo en todas as provincias. **De feito, os Documentos Únicos incrementáronse en todas elas, ata un total de 254 no cómputo conxunto**, apreciándose unha importante transformación de Documentos de menores coberturas (N, Q, S) a PREMIUM, polo que optaron 625 federados máis que o ano anterior.

O maior número de federados concéntrase na provincia de A Coruña co 36% do total dos federados autonómicos, seguida de Lugo co 28%, Pontevedra co 27% e Ourense co 9%, sen embargo, ao comparar o número de cazadores de cada unha das provincias co número de federados da respectiva provincia, como xa se dixo, **Lugo sería a provincia coa maior proporción entre cazadores e federados.**




1. Tipo de licenza federativa.

O 89% dos cazadores optaron por federarse a través do **Documento Único (DU)** e o 11% fixérono a través da licenza federativa.

O 42% dos federados elixiron o seguro **Premium** que, desde que se implementou, segue a ser o seguro máis emitido en todas as provincias, agás Pontevedra no que o supera lixeiramente o "S".

6 de cada 10 federados optaron polos **Documentos de maior cobertura (Premium e S)**.



Provincia	Cans asegurados 2021	%
Coruña	9.175	40,75%
Lugo	6.977	30,99%
Ourense	2.657	11,80%
Pontevedra	3.706	16,46%
TOTAL	22.515	

Tamén é significativo o número de cans asegurados a través dos anexos do DU que este ano chegaban aos 22.515 cans que tiña asegurada a súa responsabilidade civil, 1.494 máis que no ano anterior.

O 41% de cans asegurados corresponden a federados da provincia de A Coruña, o 31% a Lugo, o 12% a Ourense e o 16% a Pontevedra.

Desde que se implementou o **anexo de cans**, no seguro **premium** e o **anexo con franquicia**, o **número de cans asegurados multiplicouse por máis de tres desde o ano 2015**, pasando dos 6.718 animais asegurados naquel ano aos 22.515 actuais.



2. Sinistralidade federados.

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, **e 9 federados de cada 10 teñen concertado o Documento Único de Mutuasport** que a maiores do seguro de accidentes leva implícita a responsabilidade civil do cazador e a defensa xurídica, como xa se comentou nesta memoria.

Durante esta tempada rexistráronse en Galicia **136 accidentes producidos ou sufridos por cazadores federados**. Deles **68 corresponden a sinistros de danos propios, 52 a responsabilidade civil do cazador e 16 a accidentes causados por cans** asegurados mediante *anexo do DU premium* ou con *franquicia*.

Nos accidentes de **danos persoais ou danos propios** as lesións máis comúns foron os danos nas **extremidades e os danos a escopetas**, mentres que en **responsabilidade civil do cazador e nos anexos de cans** os máis frecuentes foron os danos materiais e os danos a animais ou cousas.

TIPO DE LESIÓNS	CORUÑA			LUGO			OURENSE			PONTEVEDRA			TOTAL SINISTROS		
	D.P.	R.C.	Anexo cans	D.P.	R.C.	Anexo cans	D.P.	R.C.	Anexo cans	D.P.	R.C.	Anexo cans	D.P.	R.C.	Anexo cans
Falecidos accidentes caza	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Falecidos causas naturais	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	2	0	0
Falecidos in itinere	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Gran invalidez	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Invalidez	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	2	0	0
Danos nas extremidades	16	1	1	13	0	0	0	1	0	11	0	1	40	2	2
Danos cara, cabeza, boca, ollos e oídos	2	1	0	1	1	0	0	1	0	1	0	0	4	3	0
Danos no peito e espalda	3	0	0	1	0	0	0	0	0	2	0	0	6	0	0
Danos múltiples e policontusións	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0
Outro tipo de lesións	1	1	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	2	2	0
Danos escopeta	3	0	0	4	0	0	0	0	0	4	0	0	11	0	0
Danos a cans	0	5	1	0	4	1	0	2	2	0	1	0	0	12	4
Danos materiais, animais ou cousas	0	11	3	0	8	5	0	5	1	0	9	1	0	33	10
TOTAL	27	19	5	19	13	6	1	10	3	21	10	2	68	52	16

Ao contrastar o número de accidentes de **danos persoais** co número de federados, obsérvase que o **índice de sinistralidade en danos propios foi de 3,78 accidentes por cada 1.000 federados**, mentres que en **responsabilidade civil do cazador** foi de **3 por cada 1.000 asegurados**.

	Federados 2021	Accidentes 2021 (D.P.)	o/oo	Asegurados DU 2021	Accidentes 2021 (R.C.)	o/oo
Coruña	7.137	27	3,78	6.306	19	3,0
Lugo	5.407	19	3,51	4.580	13	2,8
Ourense	1.745	1	0,57	1.544	10	6,5
Pontevedra	5.271	21	3,98	4.924	10	2,0
	19.560	68	3,48	17.354	52	3,0

	Tipo de Accidentes			Tipo de Danos asegurados		Índice Sinistralidade	
	DP	RC	Total	DP	RC	DP	RC
Ano 2021	68	52	120	19.560	17.354	3,48	3,00
Ano 2020	64	76	140	20.160	17.100	3,17	4,44
Ano 2019	53	77	130	19.634	17.276	2,70	4,46
Ano 2018	51	79	130	19.464	17.005	2,62	4,65
Ano 2017	63	85	148	19.686	16.734	3,20	5,08
Ano 2016	50	52	102	19.656	16.479	2,54	3,16
Ano 2015	62	82	144	19.961	16.509	3,11	4,97
Ano 2014	53	60	113	20.049	16.166	2,64	3,71
Ano 2013	66	64	130	20.160	16.473	3,27	3,89
Ano 2012	44	69	113	21.018	17.215	2,09	4,01
Ano 2011	58	84	142	21.479	17.659	2,70	4,76
Ano 2010	47	65	112	21.242	17.798	2,21	3,65
Media sinistros 2010-2021						2,81	4,15

Nos últimos 12 anos a media de sinistros en **danos propios** foi de **2,81 accidentes por cada 1.000 federados**, e a de **responsabilidade civil do cazador** situábase en **4,15 accidentes por cada 1.000 asegurados**.


3. Ranking do deporte federado.

3.1) RANKING RFEC E MUTUASPORT.

A REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAZA (RFEC) pechaba o ano con 334.405 licenzas federativas habilitadas con carácter nacional polas 18 federacións autonómicas de caza integradas na mesma. Delas, **9 de cada 10 foron emitidas polas 16 federacións autonómicas adheridas a MUTUASPORT** (313.675).

• *Real Federación Española de Caza (RFEC).*

A FGC, co 6% das licenzas federativas de toda España, sitúase no 6º posto do ranking nacional entre as 18 federacións autonómicas por detrás de Andalucía, Valencia, Cataluña, Extremadura e Aragón.



• *Mutua de seguros Mutuasport.*

A mutua de seguros deportivos *Mutuasport*, coa que na actualidade emiten as licenzas federativas 16 das 18 federacións autonómicas de caza, **tramitou durante este ano un total de 313.675 licenzas federativas e documentos únicos (DU)**, situándose a FGC no 6º posto do cómputo global, pero sube ao 4º posto na emisión de DU "S+Premium" situándose só por detrás de Valencia, Andalucía e Cataluña.

FFAA	Total 2021	FFAA	Total S+PREM
Andalucía	87.396	Valenciana	23.528
Valencia	36.041	Andalucía	23.291
Cataluña	34.752	Cataluña	22.878
Extremadura	34.311	Galicia	12.813
Aragón	27.170	Aragón	10.538
GALICIA	19.560	Castilla León	6.102
Castilla León	17.067	Murcia	4.409
Castilla Mancha	13.394	Castilla Mancha	4.297
Canarias	10.042	Extremadura	3.782
Murcia	8.082	Madrid	3.150
Rioja	5.924	Navarra	2.814
Cantabria	5.650	Canarias	2.807
Madrid	4.866	Rioja	1.820
Navarra	4.778	Baleares	1.352
Baleares	4.479	Cantabria	984
Ceuta	131	Ceuta	42
Outros (Mutua)	32	Outros (Mutua)	27
TOTAL ...	313.675	Total	124.634

3.2) RANKING DEPORTE FEDERADO GALEGO E NACIONAL.

A modalidade de **caza segue a ser o segundo deporte a nivel autonómico tanto en número de deportistas como en número de clubs federados**, mentres que a nivel nacional en clubs mantense como segundo, e en deportistas como terceiro, segundo a *Memoria 2020 do Consello Superior de Deportes*.

• **Deporte federado galego.**


Segundo se refire na memoria do *CSD 2020*, o deporte federado galego tiña 281.561 deportistas e 5.501 clubs afiliados ás 58 federacións deportivas galegas.

O **7% do total dos deportistas federados galegos son cazadores**, e o **9% do total de clubs federados estano na Federación Galega de Caza**, o que a sitúa no ranking do *Deporte Galego* en 2ª posición tan só por detrás de fútbol.



• **Deporte federado por Comunidades Autónomas.**

No conxunto do Estado español había, segundo a memoria do *CSD 2020*, 3.841.916 deportistas e 74.459 clubs federados, **ocupando o Deporte Federado Galego o 5º posto tanto en número de deportistas como en clubs**.



• **Deporte federado Nacional.**

No ámbito do *Deporte Federado Nacional*, a caza mantense como **2º deporte estatal en número de clubs e 3º en deportistas**, entre as 66 federacións deportivas españolas que, segundo a memoria do *CSD 2020*, tiñan federados a 3.841.916 deportistas e a 74.459 clubs.

A relación entre entidades deportivas e tecores.

Durante o ano 2021 afiliáronse á FGC 4 novas entidades deportivas e nese mesmo período causaron baixa 5, pechándose a anualidade con **470 sociedades afiliadas á FGC, das que 398 xestionan o 84% dos tecores existentes na CCAA**, e as restantes 72 son entidades deportivas de *agility, arco, cans, cetraría, field target, paxariles, tiro, peñas de caza maior*, etc.



	ENTIDADES DEPORTIVAS			TECORES			% TECORES XESTIONADOS POR ENTIDADES DEPORTIVAS FEDERADAS
	Sdades federadas con tecedor (propio ou compartido)	Outras Entidades federadas (sen tecedor)	TOTAL ENTIDADES FEDERADAS	Tecores xestionados por entidades federadas	Tecores xestionados por outras asociacións NF	TOTAL TECORES	
CORUÑA	113	19	132	110	13	123	89%
LUGO	144	6	150	138	9	147	94%
OURENSE	61	11	72	60	49	109	55%
PONTEVEDRA	80	36	116	71	2	73	97%
	398	72	470	379	73	452	84%

I. ENTIDADES FEDERADAS.

Ao debullar os datos de sociedades federadas obsérvase que **Lugo segue a ser a provincia co maior número de entidades federadas, co 32% do total de entidades afiliadas á FGC e tamén a que conta con maior número de sociedades titulares de tecedor (144 de 150 federadas).**


A continuación sitúase A Coruña, co 28% do total de sociedades federadas (132) das que 113 administran tecedor.

Pontevedra, co 25% das entidades afiliadas á FGC (116), das que 80 son titulares de tecedor, é onde se concentra a maior porcentaxe de tecores xestionados por asociacións federadas (71 dos 73 tecores existentes pertencen a entidades federadas), e por último sitúase Ourense co 15% (72 sociedades) das que 61 son xestoras de tecores.



II. TECORES E EXPLOTACIÓN CINEXÉTICAS.


No 2021 Galicia tiña un total de **452 terreos cinexéticamente ordenados xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a 35 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, ratificándose que o tipo de caza que se practica na Comunidade é a caza social.



1. *Tecores.*

Dos 452 tecores que hai na CCAA, **o 84% están xestionados por sociedades de caza federadas (de xeito directo ou compartido con outras entidades)**, mentres que o 16% restantes adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas.

Ao analizar os datos polo miúdo obsérvase que **Pontevedra**, como xa se explicou, **é a provincia con máis porcentaxe de tecores xestionados por sociedades de caza federadas** (71 tecores dos 73 existentes), seguida de Lugo co 94%, Coruña co 89% e Ourense co 55%.




2. Explotacións cinexéticas comerciais.

Por cada 100 tecores existentes na CCAA hai 8 explotacións cinexéticas comerciais, o que reflicte a escasa relevancia social deste tipo de figura cinexética en Galicia.

	TOTAL EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS
CORUÑA	4
LUGO	10
OURENSE	11
PONTEVEDRA	10
	35

3. Superficie cinexética.

O 89,34% da superficie da Comunidade Autónoma de Galicia está acoutada para a práctica da caza a través de tecores ou de explotacións cinexéticas comerciais. Dela, o 99,48% pertence aos 452 tecores mentres que as 35 explotacións cinexéticas abranguen o 0,52%.




Do total da superficie cinexética acoutada en tecores, os xestionados por entidades federadas (379) abranguen máis 86% do territorio cinexético fronte ao 14% que ocupan os xestionados por asociacións non federadas (73).

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais (35), como xa se expuso anteriormente, apenas abranguen o 0,52% do territorio cinexético da CCAA.

	TECORES				SUPERFICIE CINEXÉTICA						EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS		
	Tecores entidades federadas	Tecores outras asociacións NF	TOTAL TECORES	% Tecores xestionados entidades federadas	Superficie tecores xestionados entidades federadas	Superficie tecores outras asociacións NF	TOTAL SUPERFICIE CINEXÉTICA TECORES	% SUPERFICIE TECORES PROVINCIA	% Superficie tecores xestionados por entidades federadas	% Superficie tecores outras asociacións NF	EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS	Superficie Explotacións Cinexéticas Comerciais	% Superficie Cinexética Explotacións por Provincia
CORUÑA	110	13	123	89%	654.427,78	47.069,70	701.497,48	27%	93%	7%	4	2.016,57	15%
LUGO	138	9	147	94%	854.187,79	75.081,31	929.269,10	35%	92%	8%	10	2.682,50	19%
OURENSE	60	49	109	55%	418.845,54	231.567,24	650.412,78	25%	64%	36%	11	6.326,90	46%
PONTEVEDRA	71	2	73	97%	339.986,83	7.048,00	347.034,83	13%	98%	2%	10	2.804,90	20%
	379	73	452	84%	2.267.447,94	360.766,25	2.628.214,19		86%	14%	35	13.830,87	

III. RELACIÓN SOCIEDADES, TECORES E MUNICIPIOS.

Se cotexamos o número de tecores (452) co número de municipios existentes na CCAA (313) **obsérvase a importancia da actividade cinexética tanto a nivel social como económico e deportivo no ámbito municipal, con máis de 1 tecor por municipio**, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares sería o mesmo que dicir que todos os concellos de Galicia teñen máis de un polideportivo, **sen embargo explotacións cinexéticas hai 0,11 por cada 100 municipios**.



A caza como actividade cinexética.

Neste apartado **analizaremos a caza maior, debullando os datos de cupos e capturas facilitados pola Consellería CMAVT**, así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubrir á posible responsabilidade civil derivada dos sinistros de circulación que causa a fauna cinexética.



Respecto á **caza menor**, ao carecer de datos estatísticos oficiais que permitan avaliar a súa situación cinexética, **unicamente avaliaremos o aproveitamento do pasallás no tecores da antiga lagoa de Antela (Ourense).**

I. CAZA MAIOR.

Durante a tempada 2020/21, última da que se dispón de datos oficiais actualizados, autorizouse un **cupo total de 30.856 exemplares de caza maior (3.476 animais máis que na tempada anterior) do que se capturou o 66,43%, quedando un excedente de 10.357 animais.**

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse máis do 83% do cupo autorizado quedando un excedente de 3.602 animais sen cazar, mentres que no corzo capturouse o 29% quedando un excedente de 6.331 animais, no cervo cobrouse preto do 17% quedando 408 exemplares, e no muflón cun cupo autorizado para a provincia de Ourense de 16 animais, non se cobrou ningún.**

	CUPO	CAPTURAS	Remanente
XABARIL	21.429	17.827	3.602
CORZO	8.921	2.590	6.331
CERVO	490	82	408
MUFLÓN	16	0	16
TOTAL	30.856	20.499	10.357



Ao analizar os datos por provincias, vemos que a provincia que dispoñía de maior cupo era **Ourense con 12.531 animais dos que cobrou preto do 56%**, quedándolle un excedente de 5.555 animais; seguida de **Lugo cun cupo de 10.376 animais dos que cobrou algo máis do 67%** deixando un remanente de 3.390 animais, mentres que **A Coruña que dispoñía dun cupo de 5.430 animais capturou preto do 81%** deixando un sobranse de 1.046 especies, e **Pontevedra con 2.519 animais autorizados cobrou o 85%** quedándolle un excedente de 366.

	XABARIL		CORZO		CERVO		MUFÓN		TOTAL		% Capturas s/cupo Provincia	Animais excedentes Provincia
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
Coruña	3.650	3672 (*)	1.640	703	140	9	0	0	5.430	4.384	80,74%	1.046
Lugo	7.196	5.968	3.114	1.005	66	13	0	0	10.376	6.986	67,33%	3.390
Ourense	8.296	6.135	3.935	781	284	60	16	0	12.531	6.976	55,67%	5.555
Pontevedra	2.287	2.052	232	101	0	0	0	0	2.519	2.153	85,47%	366
TOTAL	21.429	17.827	8.921	2.590	490	82	16	0	30.856	20.499	66,43%	10.357
% capturas s/cupo animal	83,19%		29,03%		16,73%		0,00%		66,43%			
Animais excedentes	3.602		6.331		408		16		10.357			

(*) No cadro de capturas inclúense outras cazaría a maiores dos cupos autorizados en tecores e explotacións

1. Evolución dos cupos e capturas.

Durante o último decenio lévanse cazado en Galicia, dos principais animais de caza maior, unha media de 7 exemplares de cada 10 autorizados, en total 155.291 xabaris, 53.621 corzos e 1.607 cervos, pero a pesar dilo non se aprecian descenso substanciais nas súas poboacións, especialmente no xabari, como se pode constatar no punto 2 desta memoria correspondente á sinistralidade producida polos animais cinexéticos.

	XABARIL		CORZO		CERVO		MUFÓN		CABRA MONTÉS		TOTAL TEMPADA		% capturas s/cupo TEMPADA
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 2020/2021	21.429	17.827	8.921	2.590	490	82	16	0	S/D	S/D	30.856	20.499	66%
Tempada 2019/2020	20.393	17.516	6.544	1.964	388	112	55	0	S/D	S/D	27.380	19.592	72%
Tempada 2018/2019	18.867	15.157	10.406	4.349	641	162	55	0	S/D	S/D	29.969	19.668	66%
Tempada 2017/2018	17.167	15.795	9.646	4.872	549	173	57	0	13	0	27.432	20.840	76%
Tempada 2016/2017	17.460	15.183	10.116	4.850	479	177	15	0	13	1	28.083	20.211	72%
Tempada 2015/2016	17.557	14.850	11.472	7.720	503	222	15	1	13	1	29.560	22.794	77%
Tempada 2014/2015	18.127	13.841	10.991	5.806	487	175	105	1	13	12	29.723	19.835	67%
Tempada 2013/2014	17.939	15.043	11.104	6.412	573	209					29.616	21.664	73%
Tempada 2012/2013	18.591	15.215	11.576	7.510	669	149					30.836	22.874	74%
Tempada 2011/2012	17.042	14.864	10.717	7.548	324	146					28.083	22.558	80%
Total cupos/capturas (2011/2021)	184.572	155.291	101.493	53.621	5.103	1.607	318	2	52	14	291.538	210.535	
% captura s/cupo por ANIMAL	84%		53%		31%		1%		27%		72%		

1.1) XABARIL.

Entre as tempadas 2011/12 e 2020/21 cazáronse máis de 8 xabaris de cada 10 exemplares autorizados, é dicir cobráronse nese período 155.291 xabaris dos 184.572 autorizados.

A porcentaxe máis altas de capturas produciuse na tempada 17/18 na que se cazou o 92% do cupo permitido.

Por provincias, en A Coruña e Lugo captúranse 9 de cada 10, e en Ourense e Pontevedra preto de 8 de cada 10.

	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL		% capturas s/cupo por tempada
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 2020/2021	3.650	3.672	7.196	5.968	8.296	6.135	2.287	2.052	21.429	17.827	83%
Tempada 2019/2020	3.079	3.265	7.186	6.361	7.891	6.152	2.237	1.738	20.393	17.516	86%
Tempada 2018/2019	2.841	2.887	7.172	6.357	7.018	4.460	1.836	1.453	18.867	15.157	80%
Tempada 2017/2018	2.732	2.534	6.900	6.310	5.670	5.534	1.865	1.417	17.167	15.795	92%
Tempada 2016/2017	2.700	2.227	6.505	6.147	6.412	5.431	1.843	1.378	17.460	15.183	87%
Tempada 2015/2016	2.629	1.997	6.077	6.350	6.928	5.186	1.923	1.317	17.557	14.850	85%
Tempada 2014/2015	2.534	2.148	6.767	5.246	6.864	5.165	1.962	1.282	18.127	13.841	76%
Tempada 2013/2014	2.444	2.267	6.512	5.673	6.979	5.609	2.004	1.494	17.939	15.043	84%
Tempada 2012/2013	2.297	2.363	6.064	5.732	8.206	5.363	2.024	1.757	18.591	15.215	82%
Tempada 2011/2012	2.323	2.008	5.997	5.596	6.798	5.642	1.924	1.618	17.042	14.864	87%
TOTAL 2011/2021	27.229	25.368	66.376	59.740	71.062	54.677	19.905	15.506	184.572	155.291	84%
% capturas s/cupo 2011/2020 por Provincia	93%		90%		77%		78%		84%		

1.2) CORZO.

En canto ao corzo, no mesmo período, cazábase máis da metade do cupo autorizado. ou o que é o mesmo cobrábanse 53.621 corzos dos 101.493 permitidos, producíndose a porcentaxe máis alta de capturas na tempada 11/12 na que se cobrou o 70% dos exemplares autorizados.

En A Coruña cazáronse 7 de cada 10 corzos autorizados, en Lugo e Ourense arredor de 5 de cada 10, e en Pontevedra de 6 de cada 10.

	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL		% capturas s/cupo por tempada
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 2020-2021	1.640	703	3.114	1.005	3.935	781	232	101	8.921	2.590	29%
Tempada 2019-2020	1.221	535	2.850	608	2.263	744	210	77	6.544	1.964	30%
Tempada 2018-2019	1.802	962	4.308	1.444	4.055	1.787	241	156	10.406	4.349	42%
Tempada 2017-2018	1.841	1.114	4.240	1.250	3.312	2.318	253	190	9.646	4.872	51%
Tempada 2016-2017	2.036	1.257	4.110	1.215	3.735	2.215	235	163	10.116	4.850	48%
Tempada 2015-2016	2.077	1.355	5.356	3.877	3.832	2.380	207	108	11.472	7.720	67%
Tempada 2014-2015	2.086	1.533	4.954	2.015	3.720	2.131	231	127	10.991	5.806	53%
Tempada 2013-2014	2.104	1.701	5.187	2.329	3.620	2.261	193	121	11.104	6.412	58%
Tempada 2012-2013	1.974	1.819	4.740	3.167	4.693	2.404	169	120	11.576	7.510	65%
Tempada 2011-2012	2.130	1.884	4.957	3.273	3.460	2.241	170	150	10.717	7.548	70%
TOTAL 2011/2021	18.911	12.863	43.816	20.183	36.625	19.262	2.141	1.313	101.493	53.621	53%
% capturas s/cupo 2011/2020 por Provincia	68%		46%		53%		61%		53%		

1.3) CERVO.

E por último, durante as últimas 10 tempadas tamén se cazou en Galicia o 31% do cupo de cervos autorizados. en total 1.607 cervos dos 5.103 permitidos, acadándose a porcentaxe máis alta de capturas durante a tempada 11/12 na que se cobrou o 45% do cupo.

En A Coruña capturábanse 6 exemplares de cada 10 autorizados, en Lugo preto de 3 e en Ourense algo máis de 2 cervos.

	CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL		% capturas s/cupo por tempada
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Tempada 2020-2021	140	9	66	13	284	60	0	0	490	82	17%
Tempada 2019-2020	98	64	64	11	226	37	0	0	388	112	29%
Tempada 2018-2019	113	82	74	23	454	57	0	0	641	162	25%
Tempada 2017-2018	125	83	52	4	372	86	0	0	549	173	32%
Tempada 2016-2017	114	79	50	11	315	87	0	0	479	177	37%
Tempada 2015-2016	99	81	31	15	373	126	0	0	503	222	44%
Tempada 2014-2015	94	62	34	13	359	100	0	0	487	175	36%
Tempada 2013-2014	84	69	46	20	443	120	0	0	573	209	36%
Tempada 2012-2013	63	47	37	10	569	92	0	0	669	149	22%
Tempada 2011-2012	62	53	29	9	233	84	0	0	324	146	45%
TOTAL 2011/2021	992	629	483	129	3.628	849	0	0	5.103	1.607	31%
% capturas s/cupo 2011/2020 por Provincia	63%		27%		23%		0%		31%		

2. Sinistralidade producida polos animais.

Durante o ano 2021 rexistráronse en Galicia 5.291 accidentes de circulación producidos por animais, dos que 5.240 foron accidentes de danos materiais e 51 con vítimas. Do total de accidentes computados pola DXT, **4.593 foron causados por animais cinexéticos e os 698 restantes por outro tipo de animais** (caninos, caprinos, equinos, felinos, ovinos, porcinos, vacún, e outros), é dicir preto de 9 de cada 10 accidentes rexistrados foron provocados polos principais animais de caza maior e raposo.

A pesar de que **o número de accidentes orixinados polos animais de caza foi notablemente superior aos ocasionados por outros animais non cinexéticos, foi nestes últimos onde se rexistrou a porcentaxe máis alta de accidentes con vítimas, un 3% destes accidentes foron con vítimas** (21 vítimas en 698 accidentes) fronte ao 0,65% que se rexistraron nos accidentes ocasionados pola fauna cinexética (30 vítimas en 4.593 accidentes).



2.1) ACCIDENTES PRODUCIDOS POLA FAUNA CINEXÉTICA.

Pese ao extraordinario esforzo que realizan as sociedades de cazadores para controlar a alta densidade das especies de caza maior, as súas poboacións estanse a manter e mesmo a medrar nas últimas tempadas, o que se evidencia no incremento dos accidentes de tráfico como se está a constatar ano tras ano. Así, no 2021 volveuse a incrementar o número de sinistros producidos por animais de caza respecto ao ano anterior, **pasando dos 4.311 do 2020 aos 4.593 actuais.**

O xabaril segue a ser o animal de caza que causa maior sinistralidade na seguridade viaria e tamén máis vítimas (7 de cada 10 accidentes están ocasionados por este animal, e o 87% da vítimas foron en accidentes ocasionados polo xabaril).

As estatísticas amósanos que a maior concentración de sinistralidade prodúcese nas estradas das provincias de Lugo e Ourense, a pesar de ser as provincias con maior número capturas por tempada, o que pon de manifesto a gran densidade de poboación de caza maior nestes territorios. Durante o 2021, na provincia de Lugo producíronse 1565 accidentes (10 vítimas) e na de Ourense 1372 (4 vítimas), seguidas de preto pola Coruña que este ano alcanzou os 1054 accidentes, 10 deles con vítimas.

		CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL TIPO DANOS	TOTAL SINIESTROS ANIMAL	% SINIESTROS ANIMAL
XABARIL	Danos materiais	856	997	938	476	3267	3293	71,70%
	Vítimas	9	8	4	5	26		
CORZO	Danos materiais	150	497	400	87	1134	1137	24,76%
	Vítimas	1	1	0	1	3		
CERVO	Danos materiais	4	3	3	3	13	13	0,28%
	Vítimas	0	0	0	0	0		
LOBO	Danos materiais	4	9	1	1	15	16	0,35%
	Vítimas	0	1	0	0	1		
RAPOSO	Danos materiais	29	45	22	29	125	125	2,72%
	Vítimas	0	0	0	0	0		
OUTROS ANIMAIS CINEXÉTICOS	Danos materiais	1	4	4	0	9	9	0,20%
	Vítimas	0	0	0	0	0		
TOTAL PROVINCIA	DANOS MATERIAIS	1.044	1.555	1.368	596	4.563	4593	
TIPO DE DANOS	VÍTIMAS	10	10	4	6	30		
TOTAL PROVINCIA	SINIESTROS	1.054	1.565	1.372	602	4.593		
% SINISTROS	PROVINCIA	22,95%	34,07%	29,87%	13,11%			

2.2) EVOLUCIÓN DOS ACCIDENTES PRODUCIDOS POLA FAUNA CINEXÉTICA NA SEGURIDADE VIARIA.

No período comprendido entre os anos 2010 e 2021 se tomamos como referencia os sinistros producidos polo **xabaril, corzo, cervo, lobo e raposo (obviando os datos residuais doutros animais de caza)** obsérvase un incremento do **59%** no número de accidentes, pasando dos **1.879 accidentes do ano 2010 aos 4.584 actuais**.

Os datos reflectín que os sinistros producidos polo xabaril e polo raposo durante os últimos 12 anos case se triplican namentres que os causados polo corzo duplícanse.

EVOLUCIÓN DOS ACCIDENTES DE TRÁFICO POR ANIMAL (2021-2010)												
	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2019	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010
Xabaril	3.293	3.280	3.182	1.972	2.253	2.147	1.797	1.379	1.464	1.422	719	1.237
Corzo	1.137	916	959	865	901	910	860	717	788	751	482	592
Cervo	13	15	5	0	8	10	2	5	9	9	6	7
Lobo	16	6	7	9	4	6	7	9	0	0	0	0
Raposo	125	88	119	93	100	88	77	65	65	39	21	43
TOTAL	4.584	4.305	4.272	2.939	3.266	3.161	2.743	2.175	2.326	2.221	1.228	1.879

** Para analizar a evolución dos sinistros, tómanse como referencia os datos dos principais animais de caza maior e raposo, obviándose os datos residuais doutros animais de caza.

A maior sinistralidade, durante o período analizado, corresponde á provincia de Lugo, pero compre subliñar o incremento producido nas provincias de Ourense e Pontevedra que na actualidade practicamente triplican o número de sinistros do 2010.



Federación Galega
de Caza




XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"



3. Seguros de responsabilidade civil de tecor e sinistralidade.

Durante o ano 2021, 183 tecores xestionados por entidades de caza federadas tiñan concertado o seguro de responsabilidade civil de cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC.

6 de cada 10 tecores de sociedades federadas da provincia de Lugo están asegurados a través da FGC. En A Coruña e Pontevedra estano 5 de cada 10 e en Ourense 2 de cada 10.

En canto aos sinistros nos tecores asegurados a través da FGC, a media foi de **0,38 sinistro por tecor asegurado**, non obstante este dato debe tomarse con reservas dado que os sinistros producidos nos últimos meses do ano puideran non estar declarados ante as respectivas aseguradoras e polo tanto aperturarse nos primeiros meses do ano seguinte.




	Tecores entidades federadas	SEGUROS RC TECOR			% Tecores asegurados a través da FGC	SINISTROS RC TECOR			Media sinistros tecores asegurados
		Mutuasport	Outras CIAS	TOTAL PÓLIZAS RC TECOR		Mutuasport	Outras CIAS	TOTAL SINISTROS RC TECOR	
CORUÑA	110	40	13	53	48%	5	3	8	0,15
LUGO	138	10	74	84	61%	2	43	45	0,54
OURENSE	60	6	5	11	18%	1	7	8	0,73
PONTEVEDRA	71	6	29	35	49%	1	7	8	0,23
TOTAL	379	62	121	183	48%	9	60	69	0,38

II. CAZA MENOR.

Ante a falta de estatísticas de capturas da caza menor, avaliarase neste apartado o aproveitamento do **paspallás nos tecores da antiga Lagoa de Antela**, na provincia de Ourense.

O cupo autorizado para a tempada 2020/21 nos tecores de *Rairíz da Veiga, Alto Límia, Xinzo de Límia, Xunqueira de Ambía, Sandiás, Trasmiras, Carreiro Ladrón, Porqueira e Vilar de Barrio* estaba fixado en **10.800 exemplares, dos que se cobraron 7.385 paspallás, algo máis do 68% da cota autorizada, quedando un remanente de 3.415 exemplares.**

Durante as últimas seis tempadas cinexéticas lévanse cobrado, segundo a estatística da Consellería CMATV, un total de 47.966 paspallás dos 92.550 autorizados.



A caza como actividade deportiva.

Con moita incertidume e cun rigoroso protocolo sanitario no que se levaba meses traballando, a FGC retomaba no mes de marzo o calendario deportivo oficial trala suspensión da tempada 2020 por mor da pandemia da COVID-19, e os deportistas agardaban o momento expectantes á par que ilusionados.

Finalmente, a evolución da situación sanitaria, con restricións en determinados momentos, permitiu levar a cabo todas as competicións oficiais programadas de *Agility*, *Arceas*, *Arco*, *Cans de Parada*, *Caza Menor*, *Cetraría*, *Compak Sporting*, *Field Target*, *Paxariles*, *Percorridos de Caza*, *Rastro de Coello*, *Rastro de Xabril* e *San Huberto* agás as de Raposo que, por precaución, a FGC decidiu non celebrar.

Os deportistas das Seleccións Galegas das diferentes disciplinas, ao igual que nos anos pre pandemia, seguiron recolecionando títulos para o *Deporte Federado Galego*, nos respectivos campionatos de España.

I. CALENDARIO OFICIAL.

Durante esta tempada deportiva a FGC organizou e dirixiu **técnicamente 89 campionatos oficiais** (32 Campionatos Provinciais, 15 Galegos, 14 probas da LIA, 20 competicións puntuables para a Copa Galicia e 8 probas da Copa Federación, Copa Deputación, Iniciación, etc.) **así como o Campionato de España de Compak Sporting e a Copa España de Rastro de Coello.**

O maior número de campionatos disputados correspondía a Agility e Rastro de Xabril, con 16 e 13 competicións, respectivamente.

2 de cada 10 federados participaron nalgũa das competicións oficiais do calendario 21.

A media de participación máis alta, respecto ao número de competicións de cadaunha das especialidades, correspondeu a *Paxariles*, *Rastro de Coello* e *Agility*, e a máis baixa a *Field Target*.

Para a organización dos diferentes campionatos oficiais a FGC mobilizou **412 xuíces e árbitros**, unha media de 5 xuíces por competición, que xulgaban un promedio de 9 deportistas por proba.

Ademais das 91 competicións oficiais celebradas (incluídos neste cómputo os dous campionatos de España disputados en Galicia), a FGC autorizou a celebración doutras 131 competicións e adestramentos de carácter social e probas abertas de libre participación que organizaron as diferentes sociedades e clubs federados. Sumadas ambas, conséntase que en **Galicia disputáronse durante o 2021 máis de 4 competicións cada fin de semana.**

Únese como **Anexo** a esta memoria a relación de campións das diferentes competicións oficiais así como outra información do calendario deportivo.

Especialidade	Cptos Prov	Cptos Galegos	Ligas	Copa Galicia	Outros	TOTAL CPTOS
Agility			14	2		16
Arceas	4	1				5
Arco	1	2			1	4
Cans de Parada	4	1			3	8
Caza Menor	4	1				5
Cetraría		3				3
Compak Sporting	4	1				5
Field Target		1				1
Paxariles	1	1				2
Percorridos Caza	4	1		5		10
Raposo						0
Rastro Coello	2	1		4	1	8
Rastro Xabril	4	1		5	3	13
San Huberto	4	1		4		9
TOTAL	32	15	14	20	8	89

Especialidade	Nº Competicións	Nº Deportistas	Nº Xuíces e Árbitros	Media participantes competición	Media xuíces competición
Agility	16	1098	16	69	1
Arceas	5	93	93	19	19
Arco	4	66	4	17	1
Cans de Parada	8	198	23	25	3
Caza Menor	5	66	66	13	13
Cetraría	3	47	9	16	3
Compak Sporting	5	233	18	47	4
Field Target	1	10	2	10	2
Paxariles	2	165	6	83	3
Percorridos Caza	10	528	58	53	6
Raposo	0	0	0	0	
Rastro Coello	8	627	40	78	5
Rastro Xabril	13	455	47	35	4
San Huberto	9	231	30	26	3
TOTAL	89	3817	412	43	5

	Outras competicións e adestramentos autorizados fóra do calendario oficial
CORUÑA	114
LUGO	5
OURENSE	0
PONTEVEDRA	12
TOTAL	131

II. ÁREA TÉCNICA.

O equipo técnico da FGC está integrado por **21 monitores de Arco, 19 adestradores de Tiro e 546 xuíces e árbitros**, encargados de velar polo cumprimento da normativa das diferentes competicións, que durante esta tempada deportiva continuaron formándose e formando a outro deportistas.



Pedro J. Martínez e Miguel Caruncho, asistían a unha **Xornada de instrutores nacionais de arco**, celebrada en Castillejo de Robledo (Soria), para obter a condición de instrutores nacionais e impartir os cursos TS.

Así, o 29 de maio, os técnicos de Tiro, Daniel Cebreiro e Roberto García impartían un **Curso teórico-práctico de perfeccionamento do tiro**, no campo de tiro Río Lérez, en Pontevedra, ao que asistían 15 tiradores.

E o 11 de setembro, os técnicos de Arco, Jaime Villaverde,



III. CAMPIONATOS DE ESPAÑA ORGANIZADOS POLA FGC.

A Real Federación Española de Caza confiou novamente á FGC a organización da ***Copa España de Rastro de Coello*** e o ***Campionato de España de Compak Sporting***.

1. *Copa España de Rastro de Coello.*

A Copa España de Rastro de Coello, organizada pola FGC en colaboración co Club Amigos dos Cans de Caza, disputábase nos tecores das sociedades de caza Azor de Ames e Altamira de Brión, o día 22 de agosto, **coa participación de 80 cans** en 20 lotes de 4 cans cadaún.

Campión: JUAN FORMOSO RAPOSO, da Sdade Rio Iso (GALICIA), con *Luna, Naka, Tula e Flor*

Subcampión: JOSÉ J. SUÁREZ RAMA, da Sdade S. Xoán Serres (GALICIA), con *Rúa, Sarela, Cori e Marco*

3º: CARLOS MARTÍNEZ BÚA, da Sdade Ribadumia (GALICIA), con *Lula, Pai, Bilma e Picoña*



2. Campionato de España de Compak Sporting.

O Campionato de España Grand Prix de Compak Sporting, organizado pola FGC en colaboración coa Sociedade Deportiva Rio Sar, disputábase entre os días 30 de xullo e 1 de agosto no campo de tiro Rio Sar, en Trazo (A Coruña), e nel **participaban 302 tiradores provenientes de todas as Comunidades Autónomas.**

Os tiradores da Selección Galega que nesta ocasión, con carácter excepcional ao celebrarse a competición en Galicia, estaba integrada por 13 tiradores, **situábanse entre os mellores tiradores nacionais, acadando 1 primeiro posto, 3 terceiros, 1 cuarto, e 2 quintos.**



Iniciado

Campión: Juan Vicente Llorens Pérez (MURCIA)

3º JOSÉ M. FERNÁNDEZ AÑÓN, da Sdade C. Coruñesa (GALICIA)

Junior

1º Fabián Romero Millán (C. MANCHA)

7º OMAR INSUA RODRÍGUEZ, da Sdade Barbeitas (GALICIA)

Sénior

Campión: Antonio Montes Segura (ANDALUCÍA)

22º FERNANDO SÁNCHEZ MANCEBO, da SD Rio Sar (GALICIA)

Veterano

Campión: Rafael Insa Campos (VALENCIA)

10º ELISEO FARALDO FERNÁNDEZ, da Sdade Porqueira (GALICIA)

Open: Equipos Autonómicos

EQUIPO CAMPIÓN: CATALUÑA

5º EQUIPO: GALICIA

(integrado polos tiradores Daniel Cebreiro, Antonio Iglesias e José M. Torres)

Equipos Clubs

EQUIPO CAMPIÓN: CATALUÑA

4º EQUIPO: GALICIA

(integrado polos tiradores Daniel Cebreiro, Antonio Iglesias e José M. Torres)

Clasificación open:

Campión: Cristobal Jiménez Martínez (C.MANCHA)

11º ANTONIO IGLESIAS OTERO, da SD Rio Sar (GALICIA)

Nivel A

Campión: Cristobal Jiménez Martínez (C.MANCHA)

10º ANTONIO IGLESIAS OTERO, da SD Rio Sar (GALICIA)

Nivel B

Campión: Andrés Sánchez Magallón (NAVARRA)

3º JOSÉ M. TORRES PARADA, da Sdade Porto do Son (GALICIA)

Nivel C

Campión: David Yago Fernández (C. MANCHA)

5º VICENTE INSUA LÓPEZ, da Sdade Barbeitas (GALICIA)

Homes

Campión: Cristobal Jiménez Martínez (C. MANCHA)

10º ANTONIO IGLESIAS OTERO, da SD Rio Sar (GALICIA)

Máster

Campión: Javier Ayarza Torrontegui (PAIS VASCO)

3º ANGEL MOSQUERA RODRÍGUEZ, da Sdade Ortegai (GALICIA)


Tiro adaptado

Campión: ARTEMIO FORMOSO BARRO, Societario Terra Chá (GALICIA)





IV. SELECCIÓN GALEGA.

Durante a tempada deportiva 2021, os deportistas da Selección Galega das diferentes disciplinas subíronse ao podio dos respectivos Campionatos ou Copas España ata en 33 ocasións, acadando 12 primeiros postos, 11 segundos e 10 terceiros, ademais doutros 20 títulos en 4º e 5º (7 cuartos e 13 quintos).



Deportista		Especialidade Deportiva	Lugar	Data	Categoría	Clasificación
José Manuel Pallas Germiñas con MARXAL DE PIAGO (Sociedade de caza Club amigos dos cans - A Coruña)		Caza San Huberto	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Absoluta	Campión masculino da Copa Federación de España
BERTA DE VILAR DE DONAS (Brt.) de José M. Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña) BREN (Brt.) de José Mª Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades -A Coruña) AZOR DA BRISA DAS RÍAS de Eloy Rodríguez Martínez (Sociedade de caza Barbanza - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Santa Olalla (Toledo)	11 de setembro de 2021	Equipo razas británicas	Equipo campión razas británicas do Campionato de España
Artemio Formoso Barro (Sociedade de caza Societario Terra Chá - Lugo)		Compak Sporting	Trazo (A Coruña)	30 de xullo ao 1 de agosto de 2021	Tiro adaptado	Campión tiro adaptado do Campionato de España - Grand Prix
Artemio Formoso Barro (Sociedade de caza Societario Terra Chá - Lugo)		Percorridos de caza	Antequera (Málaga)	2 ao 4 de xullo de 2021	Tiro adaptado	Campión tiro adaptado do Campionato de España
Carlota Otero Cayetano (sociedade de caza Cazarco - Pontevedra)		Percorridos de caza con arco	Castillejo de Robledo (Soria)	9 de outubro de 2021	Arco tradicional cadete	Campioa arco tradicional cadete do Campionato de España
Dolores Bugarín Codeseda (Sociedade de caza Cazarco - Pontevedra)		Percorridos de caza con arco	Castillejo de Robledo (Soria)	9 de outubro de 2021	Arco asistido dona	Campioa arco asistido dona do Campionato de España
Lee Ramsdale (Sociedade de caza Cazarco - Pontevedra)		Percorridos de caza con arco	Castillejo de Robledo (Soria)	9 de outubro de 2021	Arco tradicional masculino	Campión arco tradicional masculino do Campionato de España
Juan Formoso Raposo (Sociedade de caza Río Iso – A Coruña) con MIÑORTOS- BELLE- REILA- TRUFA		Cans de rastro sobre coello	Brión - Ames (A Coruña)	22 de agosto de 2021	Absoluta	Lote Campión da Copa España

Deportista		Especialidade Deportiva	Lugar	Data	Categoría	Clasificación
Ignacio Orge García (Sociedade Gallega de cetrería - Pontevedra) con TAIGA		Cetraría	La Roda (Albacete)	27 e 28 de novembro de 2021	Baixo voo Harris	Campión harris do Campionato de España baixo voo
TRICE de Jorge Ramos Salinas (Sociedade Mat's - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 50	Campión clase 50 do Campionato de España
XABRE de Manuel Santomé González (Sociedade Tercans - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Sénior clase 50+60	Campión sénior clase 50+60 do Campionato de España
XUNCO de Manuel Santomé González (Sociedade Tercans - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Sénior clase 50+60	Campión sénior clase 50+60 do Campionato de España
Nicolasa González Carrodegas con BRUXO (Sociedade de caza Valdoviño - A Coruña)		Caza San Huberto	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Dona	Subcampioa dona do Campionato de España
Antonio Costa López con BRISA (Sociedade de caza Venatoria Mañón - A Coruña)		Caza San Huberto	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Masculina	Subcampión masculino da Copa Federación de España
BREN de José Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Santa Olalla (Toledo)	11 de setembro de 2021	Británicas	Subcampión razas británicas do Campionato de España
Jesús García Salgado (Sociedade de caza Santa Mariña - Lugo)		Percorridos de caza	El Rebollar (Valladolid)	19 e 20 de xuño de 2021	Iniciado	Subcampión iniciado da Copa España
José Caruncho Villaba (Sociedade de caza Cazarco - Pontevedra)		Percorridos de caza con Arco	Castillejo de Robledo (Soria)	9 de outubro de 2021	Arco asistido junior	Subcampión arco asitido junior do Campionato de España
José Javier Suárez Rama (Sociedade de caza San Xoan de Serres- A Coruña) con SARELA-NARCO-CORI-RÚA		Cans de rastros sobre coello	Brión - Ames (A Coruña)	22 de agosto de 2021	Absoluta	Lote subcampión da Copa España
Francisco González García (Sociedade caza Gallega de cetrería - Pontevedra) con LETICIA		Cetraría	La Roda (Albacete)	27 e 28 de novembro de 2021	Baixo voo Harris	Sucampión harris do Campionato de España baixo voo
GAIA de Iago Sánchez Iglesias (Sociedade Tercans - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 50	Subcampión clase 50 do Campionato de España

Deportista		Especialidade Deportiva	Lugar	Data	Categoría	Clasificación
TRICE de Jorge Ramos Salinas (Sociedade Mat's - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 50	Subcampión clase 50 da Copa Campións
TIM de Lucía Duro Devesa (Sociedade Euskogal - A Coruña)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 20	Subcampioa clase 20 da Copa Campións
ITCHES de Alberto Costas González (Sociedade Mat's - A Coruña)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 40	Subcampión clase 40 da Copa Campións
Antonio Costa López con DELTA (Sociedade de caza Venatoria Mañón - A Coruña)		Caza San Huberto	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Masculina	Terceiro clasificado masculino do Campionato de España
Ángel Mosquera Rodríguez (Sociedade de caza Ortegal - A Coruña)		Compak Sporting	Trazo (A Coruña)	30 de xullo ao 1 de agosto de 2021	Máster	Terceiro clasificado Máster do Campionato de España - Gran Prix
José Manuel Torres Parada (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Trazo (A Coruña)	30 de xullo ao 1 de agosto de 2021	Nivel B	Terceiro clasificado nivel B do Campionato de España - Grand Prix
José Manuel Fernández Añón (Sociedade de caza Cinexética Coruñesa - A Coruña)		Compak Sporting	Trazo (A Coruña)	30 de xullo ao 1 de agosto de 2021	Iniciación	Terceiro clasificado iniciados do Campionato de España - Grand Prix
Jacobo Santoro Lorenzo (Sociedade de caza Cazarco - Pontevedra)		Percorridos de caza con Arco	Castillejo de Robledo (Soria)	9 de outubro de 2021	Arco Long Bow masculino	Terceiro clasificado en arco Long Bow masculino do Campionato de España
Carlos Martínez Búa (Sociedade de caza Salnés de Ribadumia- Pontevedra) con LOLA-BILMA-PICOÑA-FAI		Cans de rastreo sobre coello	Brion - Ames (A Coruña)	22 de agosto de 2021	Absoluta	Lote terceiro clasificado da Copa España
AISS de Marta Solar Tomás (Sociedade Euskogal - A Coruña)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 50	Terceira clasificada clase 50 do Campionato de España
ITCHES de Alberto Costas González (Sociedade Mat's - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 40	Terceiro clasificado clase 40 do Campionato de España
MOLLY de Laura Vidal Otero (Sociedade Patas - Pontevedra)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Xuvenil clase 40+30+20	Terceira clasificada xuvenil clase 40+30+20 do Campionato de España
HACHI de Carlos Souto Tobío (Sociedade Mat's - A Coruña)		Agility	Oviedo	30 de outubro ao 1 de novembro de 2021	Clase 30	Terceiro clasificado clase 30 da Copa Campións

A formación do cazador: cursos de caza

Debido á situación sanitaria producida pola COVID-19, para non poñer en risco a saúde dos alumnos, a FGC optaba, por impartir novamente todos os cursos de xeito online a través do campus virtual da Escola de Caza.

A aula virtual acollía a cuarta edición do curso de **FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA**, no que se abordaba a xestión interna e administrativa á que teñen que facer fronte no seu día a día os directivos destas asociacións, e a segunda edición online do curso de **PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA** que tiña por obxecto instruír aos cazadores na seguridade durante a práctica da actividade cinexética así como formalos basicamente nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan socorrer a un compañeiro enfermo ou lesionado.

Ambos os dous cursos ían dirixidos a directivos e responsables de cazaría das sociedades de caza, pero tamén a técnicos cinexéticos, gardería, administrativos e cazadores en xeral.

Na formación participaban 184 alumnos, 88 no curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza e 96 no de Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética.

Os cursos iniciábanse o día 4 de outubro e remataban o día 29 do mesmo mes, podendo os alumnos acomodar os horarios da formación ás súas necesidades particulares.



	ALUMNOS MATRICULADOS		
	Formación de responsables de sociedades de caza	Prevención da siniestralidade e seguridade na práctica cinexética	TOTAL
CORUÑA	42	45	87
LUGO	19	20	39
OURENSE	17	16	33
PONTEVEDRA	9	14	23
OUTRAS	1	1	2
TOTAL	88	96	184

I. CONTIDOS.

FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA: *Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.*

A formación da xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza constaba de 15 temas divididos á súa vez en 4 bloques, e un vídeo sobre seguridade nas cazarías.

Como novidade, nesta edición, incorporábase no bloque 2, un apartado referido a documentar o traspaso de poderes entre as xuntas directivas saíntes e entrantes, tralos procesos electorais desenvolvidos nas sociedades de caza.



PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.

A formación de seguridade na caza e primeiros auxilios constaba de 17 temas divididos en 5 bloques así como un vídeo sobre seguridade nas cazarías colectivas.


Respecto á edición anterior, este ano incorporouse como novidade un tema sobre o Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC).

II. AVALIACIÓN.

O cuestionario de avaliación consistía en 50 preguntas tipo test sobre o temario impartido en cadaun dos cursos.

Para resultar APTO os alumnos debían responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas en 40 minutos.

Dos 184 alumnos matriculados realizaron a proba de avaliación final (optativa) 134, resultando APTOS 132. É dicir o 99% dos que se someteron ao exame superárono.



III. ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Ao igual que en edicións anteriores, durante o desenvolvemento dos cursos pasouse un cuestionario aos alumnos para que, de xeito anónimo e voluntario, responderan a unha serie de preguntas, coa finalidade de coñecer o seu grao de satisfacción sobre a formación impartida.

Responderon a enquisa o 43% dos alumnos, e deles **9 de cada 10 manifestaron ter acadados os obxectivos que agardaban:**

Á pregunta **¿Cómo se enterou do curso?:**

6.9 enquisados de cada 10 responderon que a través da Federación e 1,3 (de cada 10) manifestaron que a través da sociedade de caza.

Preguntados **¿Cómo atopou o contido do curso?:**

7.6 alumnos de cada 10 manifestaron que MOI ÚTIL e 2,4 (de cada 10) dixeron que aconsellable.

Á pregunta **¿Resolveu as súas dúbidas? :**

6.5 enquisados de cada 10 sinalaron telas resoltas TOTALMENTE e 3,5 (de cada 10) contestaron que nalgúns casos.

Consultados **¿Acadou os obxectivos que agardaba?:**

9 enquisados de cada 10 contestaron que SI e 1 (de cada 10) sinalaba telos acadados de xeito parcial.

E por último, á pregunta **¿RECOMENDARÍA O CURSO? :**

Todos os alumnos que participaron na enquisa responderon que SI.

A asesoría xurídica dos federados.


Os cazadores federados e as sociedades de caza afiliadas á FGC dispoñen dunha **asesoría xurídica gratuíta** a cargo dunha letrada experta en lexislación cinexética e deportiva.

O asesoramento xurídico ás sociedades e aos cazadores federados **abrange todo tipo de informes sobre aspectos legais tanto a nivel administrativo, como cinexético ou deportivo.**

O 2021 pechábase con **678 trámites xurídicos, ou o que é o mesmo, unha media de 13 respostas semanais.**

6 de cada 10 informes emitidos pola asesoría xurídica corresponden a asesoramento e consultas externas, formuladas por sociedades e cazadores, incluídos os expedientes disciplinarios e as conciliacións entre socios e sociedades, así como as achegas a expedientes de denuncias de caza formulados contra ambos.

Os informes técnicos da FGC tamén representaron unha boa parte do traballo do gabinete xurídico (informes a petición do CGXD, revisión de protocolos COVID, de convenios, de procedementos internos, de anteproxectos e borradores de leis, así como respostas a consultas de diversa índole) pero **tamén houbo actuacións ante os Tribunais de Xustiza para defender os intereses das sociedades de caza aseguradas con Caser.**



No período comprendido entre 2013 e 2021 a **asesoría xurídica** emitiu unha **media de 688 informes anuais**, dos que o **60% correspondían a informes externos realizados ás sociedades de caza e aos cazadores federados.**

	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2019	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Total período 2022-2013	Media de informes anuais (2021-2013)
Consultas e informes a sociedades de caza	196	137	168	130	160	195	215	163	188	1552	172
Consultas e informes a cazadores	79	122	132	85	100	123	130	136	50	957	106
Achegas a Exptes de denuncias de caza sociedades e cazadores	103	73	70	74	95	94	157	146	143	955	106
Exptes disciplinarios sociedades-socios e conciliacións	22	26	33	11	36	27	39	24	6	224	25
Outros	223	230	254	231	323	243	161	272	179	2116	235
Tribunais	55	50	48	28	23	81	99	0	0	384	43
TOTAL INFORMES	678	638	705	559	737	763	801	741	566	6188	688
% INFORMES EXTERNOS (sociedades e cazadores)	59%	56%	57%	54%	53%	58%	68%	63%	68%	60%	60%

As emisoras de radiofrecuencia para federados.

O uso de aparellos de radiofrecuencia, emisoras, é unha **ferramenta de seguridade para os cazadores durante a práctica da actividade cinexética**. De feito, o uso deste tipo de dispositivos na caza ademais de ofrecer unha maior coordinación e comunicación entre os participantes das cacerías colectivas, minora notablemente o risco de incidentes e accidentes.

Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a FGC conta coa **correspondente autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o ano 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo** mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza.


Os federados con *licenza de emisora* dispoñen actualmente de **33 frecuencias** para o seu uso, pero tamén hai que recordar que **a utilización destas frecuencias por parte de persoas non autorizadas supón unha infracción á Lei Teleco que contempla importantes sancións económicas**.

Durante o ano 2021, o **55% dos federados dispoñían da correspondente autorización para o uso das frecuencias da FGC**. Deles, o **53% optaron pola licenza de uso provincial e o 47% elixiron a de uso autonómico**, válida para utilizar en todas as provincias galegas.

9 de cada 10 federados da provincia de Lugo contan con licenza de uso de emisora da FGC. En Ourense teñen licenza para a utilización destes dispositivos 6 de cada 10 federados, en A Coruña 5 de cada 10 e en Pontevedra 3 de cada 10 cazadores da provincia utilizan legalmente as frecuencias da FGC.

Desde que se implementou a *licenza de emisora* de ámbito autonómico (no ano 2014) ata a actualidade, **os federados optaron maioritariamente polas de uso autonómico**, agás na provincia de Lugo onde recorreron principalmente ás de uso provincial.

	Licenzas de uso de Emisora Provincial	Licenzas de uso de Emisora Autonómica	Total Licenzas de uso de Emisoras	Número federados	% Federados con licenza de Emisora
CORUÑA	782	2.513	3.295	7.137	46%
LUGO	4.566	486	5.052	5.407	93%
OURENSE	238	779	1.017	1.745	58%
PONTEVEDRA	171	1.242	1.413	5.271	27%
	5.757	5.020	10.777	19.560	55%




O club de descontos exclusivo dos federados.

O Club de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados ten por obxecto **facilitar aos afiliados da FGC as mellores ofertas nos artigos, produtos ou servizos que estes precisen para a práctica da actividade cinexética**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade de que os establecementos vencellados á caza poidan ofrecer os seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda.

Durante este ano producíronse **12 novas altas e causaron baixa 3 establecementos, rematando o ano con 96 establecementos asociados** (45 na Coruña, 9 en Lugo, 7 en Ourense e 27 en Pontevedra, pero tamén hai 2 de ámbito autonómico, e 6 de fora da CCAA).

Ao analizar o tipo de establecementos en función da actividade que desenvolven, obsérvase que **preto da metade, son centros psicotécnicos e clínicas médicas** pero tamén hai clínicas dentais, fisioterapeutas, centros auditivos, veterinarios, perruquerías e alimentación canina, armerías, tendas de deportes, electrónicas, servizos ambientais, hoteis, restaurantes, tendas de trofeos, gasolinerías, xestorías, revistas e laboratorios de análise de carne de caza, entroutros.

Desde a posta en marcha desta iniciativa no ano 2012 os establecementos e empresas adheridas ao *Clube de Descontos* que ofrecen aos federados prezos especiais nos seus produtos e servizos, multiplicáronse por tres, **pasándose dos 32 establecementos daquel ano aos 96 actuais**.



Tipo establecemento	Ano 2021	Ano 2020	Ano 2019	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012
Psicotécnicos, clínicas médicas, dentais e auditivas	50	48	48	46	45	42	41	36	25	19
Coidados cans (veterinarios, alimentación, perruquerías)	16	11	12	11	11	13	13	14	10	6
Clínicas fisioterapia	5	5	4	4	5	4	4	4	1	1
Armerías e outro equipamento especializado	7	7	8	7	7	8	8	8	8	3
Caza e actividade ambiental	2	2	2	2	3	2	2	2	3	1
Hoteis, restaurantes, gasolinerías	6	4	6	6	6	5	3	1		
Outros (asesorías, trofeos, revistas, laboratorios)	10	8	5	4	3	5	4	5	3	2
	96	85	85	80	80	79	75	70	50	32

A asesoría veterinaria e servizo de actuación no REGIAC


Coa normativa actual, son moitos os trámites que os cazadores propietarios de cans deben realizar ante o *Rexistro Galego de Animais de Compañía (REGIAC)* para manter actualizados os datos dos seus cans.

A FGC, consciente da importancia e da **obligatoriedade** que **teñen os propietarios dos animais, de manter actualizados os datos dos cans no REGIAC**, vén de **por en marcha a finais deste ano un servizo veterinario integral para tramitarlle aos federados todas as xestións que teñan que realizar no Rexistro** (baixas dos cans falecidos, cambio de propietario, actualización de datos do propietario, altas de animais procedentes doutras CCAA, entroutros) agás as altas de animais non identificados e os seus microchips.



O novo **servizo veterinario inclúe tamén o asesoramento á FGC e, de xeito gratuito, aos seus Federados, sobre calquera cuestión veterinaria ou de sanidade animal**, funcionando a estes efectos de xeito semellante á asesoría xurídica.

Este novo servizo que se puxo en marcha o 15 de decembro tivo unha **sobresaliente acollida entre os federados. De feito, en apenas 15 días, recibíronse 90 solicitudes de trámites** (28 consulta de datos de animais de alta, 61 baixas de cans e 1 cambio de propietario).



As xuventudes pola caza.

O colectivo xuvenil das **Xuventudes pola Caza**, integrado por 1.452 mozas e mozos menores de 31 anos, retomou as súas actividades, practicamente suspendidas no ano anterior por mor da COVID-19, **impartindo charlas e conferencias e asistindo a feiras para tratar de promocionar a caza entre a xuventude.**

Así, o días 11 e 16 de marzo realizaban unha **excursión ao tecedor de Fornelos de Montes cos alumnos e profesores do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán** (Pontevedra), para explicarlle *in situ* a técnica de realización das repoboacións de coello e perdiz.

O 26 de febreiro impartían unha **conferencia no CFEA de Lourizán sobre as modalidades de caza**, e o 2 marzo volvían a este mesmo centro para dar unha **charla sobre as armas e municións** a profesores e alumnos de forestais.



O 21 de xuño facían unha **saída de grupo cos alumnos e profesores do Instituto de Educación Secundaria As Barxas de Moaña (Pontevedra), ao tecedor da Sociedade de Caza A Fornelense para impartir unha clase práctica sobre o procedemento das soltas do coello e a perdiz.**

Os xóvenes cazadores **estiveron presentes co Simulador de Tiro** na Feira de Semana Verde, celebrada en Silleda (Pontevedra) os días 3 ao 5 de setembro; no Salón do deporte SPORTUR en Ourense os días 19 e 20 de novembro; e no Campionato de España Gran Prix de Compak Sporting disputado en Rio Sar (Trazo, Coruña), entre os días 30 de xullo e 1 de agosto, **para promocionar o deporte cinexético entre a poboación xuvenil que se achegaba ao seu stand para practicar e afinar a súa puntería de xeito virtual,**



Representantes das Xuventudes pola Caza tamén colaboraron e participaron no **proxecto Coturnix da RFEC.**

Os medios de comunicación da FGC.

Os cazadores para manterse permanentemente informados da actualidade cinexética e deportiva, ante a nula repercusión informativa nos medios xerais, dispoñen da **páxina web da FGC, das súas redes sociais (Facebook, Twitter e YouTube) e da revista Galicia Cinexética**, pero os federados tamén reciben puntualmente no seu whatsapp e correo electrónico aquelas noticias cinexéticas e deportivas máis relevantes ou que lle poidan afectar directamente pola súa condición de cazador.

O programa radiofónico **Caza e Natureza** dirixido por Francisco Couselo que se emite en **Radio Nova**, e se comparte puntualmente no facebook da federación, tamén é outro dos medios que o cazador galego pode elixir para informarse da actualidade.



I. GALICIA CINEXÉTICA.



1. **Web e redes sociais.**

Como ocorreu en anos anteriores, o pulo da **internet segue a ser unha das canles actuais máis destacadas da comunicación federativa**. Como novidade durante este ano 2021 a **interconexión entre os gabinetes de comunicación das federacións autonómicas coa RFEC e Mutuasport incrementou a súa actividade**. Son, e foron, numerosas as reunións periódicas celebradas, por videoconferencia, entre os gabinetes de comunicación das FFAA, RFEC e Mutuasport. En ditas xuntanzas elabóranse e coordínanse os plans de acción así como as diferentes campañas de difusión para federados e mutualistas. Esta interconexión entre FFAA, Mutuasport, Artemisan e RFEC acrecentouse coa creación e participación activa e instantánea de dous grupos de whatsapp: "**Prensa Federaciones**" e "**Mutuasport**".

No eido da comunicación da FGC a web, como veremos máis adiante nesta memoria, mantivo o seu espazo virtual como un punto de consulta e búsqueda de información cinexética do cazador, e as redes sociais (Facebook e Twitter), como tamén se analizará nas seguintes páxinas desta memoria, empréganse para a comunicacións instantánea, actual, das diferentes novas que día a día xorden na caza.

2. **Revista Galicia Cinexética.**

Durante este ano, a revista **Galicia Cinexética**, editada pola Federación Galega de Caza, **mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións** comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 144 ao 155.

Neste período, **Galicia Cinexética** mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego, facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético na Comunidade; e seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa páxina web **galiciacinexetica.com** e mesmo con máis presenza e actividade nas redes sociais co seu perfil en Facebook.

As páxinas de **Galicia Cinexética**, ao igual que en anos anteriores, serviron de soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza.

II. PÁXINA WEB.



1. *As visitas siguen aumentando.*

Con **80.256 visitas absolutas no 2021**, prodúcese un considerable aumento do **13% respecto ao ano anterior**, o que pon a páxina web en cifras próximas ao seu récord histórico, que tivo lugar no ano 2015 con 91.022 visitas absolutas.



2. *Seguros, licenzas e emisoras.*

Quedan claros cales son **os principais termos de información que desexan atopar os visitantes da páxina web**. Informarse sobre os **seguros da federación**, sobre as licencias federativas e sobre os permisos de emisora, como reflicten os resultados de procuras internas.

Término de búsqueda	Total de búsquedas únicas	% Total de búsquedas únicas
1. Seguros	32	2,03 %
2. Seguro	25	1,58 %
3. Emisora	17	1,08 %
4. Emisoras	16	1,01 %
5. emisora	12	0,76 %
6. Licencia	12	0,76 %
7. Licencia de caza	12	0,76 %
8. Covid	11	0,70 %
9. emisoras	11	0,70 %
10. seguro	11	0,70 %


3. Trámite online de licenzas federativas e documentos únicos.



O servizo de tramitación automatizado de licenzas federativas e documentos únicos segue a ser unha das ferramentas máis empregadas da páxina web da FGC. Se ben a actividade neste ano non foi tan significativa como no 2020, motivada lóxicamente polas circunstancias creadas pola pandemia do COVID-19 e o confinamento, en 2021 o uso desta aplicación segue a ser importante.


En total, foron 457 as persoas que usaron este servizo no 2021, sendo 121 para o trámite de licenzas federativas e 336 as que tramitaron un documento único (licenzas federativas + seguro de caza), supoñendo un 2,34% da produción total da FGC neste ano.

Cabe salientar a baixada da proporción da licenzas federativas respecto do resto de produtos, que no 2020 foi do 63% e neste 2021 baixou ata o 27%. Unha baixada marcada claramente pola incidencia da pandemia do COVID-19, que no 2020 fixo que moitos cazadores fixeran a súa licenzas federativas para aproveitarse das vantaxes do cazador federado durante a pandemia, como xa se explicou nesta memoria.



4. As redes sociais.

Segue a medrar o número de seguidores nas redes sociais. En Facebook, a principal plataforma de comunicación entre os federados, alcanzáronse os 4.912 seguidores, o que supón un incremento dun 4,73% respecto ao ano anterior. Este número sitúa á FGC no 3º posto nacional entre as Federacións Autonómicas de Caza, sendo Andalucía e Estremadura, con 24 mil e 17 mil seguidores nestas redes, as dominadoras neste ámbito.



Tamén se segue a medrar en **Twitter**, unha rede social que ten menor implantación no colectivo cinexético, pero **onde xa se supera o milleiro de seguidores, ata chegar aos 1.215**, supoñendo un aumento do 4,65%. Nesta rede a FGC ostenta o 5º posto nacional de Federacións Autonómicas de Caza, onde de novo dominan Andalucía e Estremadura e superan lixeiramente (con arredor de 1500 seguidores) as federacións de Castela e León e Castela A Mancha.

Por último a plataforma **YouTube**, aínda que só se usa de xeito puntual, supera xa o cento de subscritores.

5. As publicacións máis relevantes en facebook.

Contenido recente	Tipo	Alcance	Me gusta y reacciones
 PUBLICACIÓN DO DOGA Sexto... 26 ene 2021	Público	Promocio...	20.711 180
 A Federación Galega de Caza e... 15 ene 2021	Público	Promocio...	19.189 374
 Feliz día de San Huberto!! Patró... 3 nov 2021	Público	Promocio...	12.445 591
 Novidades da Caza do Xabaril ... 26 ago 2021	Público	Promocio...	12.260 148
 Os monteiros máis xóvenes ... 8 abr 2021	Público	Promocio...	11.793 461
 Campionato de Cans de Ras... 17 jul 2021	Público	Promocio...	11.694 145
 Campións da proba de Cans de... 31 jul 2021	Público	Promocio...	10.547 176
 Campionato Provincial de P... 24 may 2021	Público	Promocio...	9.293 157
 MENSAXE DA FGC A Xunta de ... 29 ene 2021	Público	Promocio...	9.011 122

A axenda federativa.

Pouco a pouco íase volvendo á normalidade dentro das circunstancias sanitarias. Reanudáronse as competicións cuns rigorosos protocolos, e paulatinamente tamén se ían retomando as xuntanzas presenciais, con moitas precaucións, combinándoas coas telemáticas.

Foi unha axenda intensa, potente, con moitas gañas de volver ás actividades prepandemia, por parte de todo o colectivo.

Sucedíanse as reunións institucionais para preparar a volta á normalidade, particularmente coa **UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS (UFEDEGA)** e coa **SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**, pero tamén se mantiñan as reunións periódicas habitais cos diferentes organismos e institucións:

- **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Xefaturas Provinciais, Comités de Caza, Comisión de Seguimento do Xabarl.
- **CONSELLO FORESTAL DE GALICIA**
- **PFEC**
- **REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAZA** (Xunta Directiva, Comité Interautonómico, Comisión Delegada, Asemblea, Comisións Técnicas)
- **MUTUASPORT** (Consello de Administración, Control de Auditoría Interna, Xunta Xeral)



Os diferentes órganos da FGC, comisión executiva, xunta directiva, comisión de competicións, comité de xuíces e árbitros, comisión delegada e asemblea xeral **encaraban un novo ano cheo de ilusión pero con moita incertidume sobre a evolución da situación sanitaria** que, afortunadamente como xa se expuso ao longo desta memoria, saldouse coa realización de todas as actividades previstas sen máis sobresaltos que as propias restricións impostas polas autoridades sanitarias en determinados momentos.



Ademais das xuntanzas enumeradas anteriormente, a FGC mantivo unha axenda repleta de actividades, participando, entroutras moitas, nas seguintes:



En xaneiro, da man da FGC Lugo, facía entrega de **230 quilos de carne a Cáritas Diocesana de Lugo**. A carne procedía das cazarias levadas a cabo no tector da sociedade San Miguel, doada polos seus socios para este fin solidario.

En febreiro celebrábanse as **eleccións a presidente e á comisión delegada da Real Federación Española de Caza**, de cuxa asemblea xeral forman parte por Galicia, o *Presidente da FGC, Javier Nogueira*, os deportistas *José María Álvarez Villar e José M. Vidal Lamela*, e os clubs *Irixo, Nicolás, Ornitolóxica O Grove e Ordes*. Trala




San **asamblea de votacións tomaba posesión como novo presidente da RFEC, Manuel Gallardo Casado**, que incorporaba á súa xunta directiva como tesoureiro a **Javier Nogueira**, e na comisión delegada resultaba elixido polo estamento de deportistas, o tamén galego, **José María Álvarez Villar**.

Ao longo do ano, a FGC participaba intensamente nas xuntanzas da nova xunta directiva, comité interautonómico, comisión delegada, asemblea xeral pero tamén nas reunións técnicas, estando representada no observatorio cinexético, plataforma do lobo, proxecto coturnix, zorzales e artemisán, entroutras.



Mutuasport presentaba a súa nova páxina web, no mes de febreiro e, en outubro, **a Real Federación Española de Caza facía o mesmo**.

Unhas novas web máis modernas e funcionais, nas que os usuarios cun só click teñen á man toda a información da Mutua e da RFEC.



O 8 de marzo a FGC tinguíase de **morado** para homenaxear nesta data tan sinalada ás **mulleres cazadoras**.



Tamén nos mes de marzo, a FGC reuníase **co novo Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra**, un vello coñecido da federación, ao que en boa medida se debe a Festa da Caza de Rodeiro.

En abril, os representantes da FGC mantiñan unha xuntanza coa **Deputación Provincial da Coruña** para presentarlle o **campionato de España de Compak Sporting** que se celebraría no mes de xullo no campo de tiro Rio Sar. Reunión que a FGC Coruña retomaríase coa institución provincial a finais de ano pero por unha cuestión ben diferente, a problemática habida coas axudas da Deputación Provincial ás que optaban varias sociedades da provincia.



En maio, a FGC asinaba un **convenio de colaboración coa SD Rio Sar**, polo que a entidade deportiva poñía a disposición da federación e das sociedades federadas de Galicia as súas instalacións para a realización das súas actividades.

No mes de maio, representantes da FGC participaban na **charla informativa sobre a xestión da COVID19** que a Secretaría Xeral para o Deporte impartía na área sanitaria de Vigo.



En xuño, a FGC asistía á reunión da comisión de **seguimento das medidas fronte ás afeccións ocasionadas polo xabaril**, desenvolvida na sede da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Tamén no mes de xuño, a deportista da Selección Galega de Arco, **Dolores Bugarín** foi **galardoada na Gran Gala do Deporte de Vigo**.



Ademais o mes de xuño, foi un mes cargado de reunións institucionais, **xunta directiva, comisión delegada e asamblea xeral FGC**, pero tamén se celebrou a **assemblea da UFEDEGA** (na que a FGC ostenta o cargo de tesourería), e a **xunta xeral de Mutuasport**, da que forman parte o Presidente da FGC e os Presidentes Provinciais.

O mes de xullo estivo marcado pola **organización do Campionato de España de Compak Sporting**, disputado no campo de tiro Rio Sar, como xa se expuxo no apartado de competicións desta memoria.



En xullo tamén se asinaba o **convenio de colaboración coa Consellería de CMATV** para o fomento e divulgación da actividade cinexética en Galicia.

En agosto, a FGC era convocada a unha xuntanza na Dirección Xeral de Patrimonio Natural para avaliar a situación da **emerxencia cinexética** producida polo xabaril.



En setembro, a **FECAP (Semana Verde-Abanca)**, en **Silleda** era o centro de atención, a FGC achegábase a esta feira cun stand e co simulador de tiro, pero tamén organizaba diversa actividades para promocionar a actividade cinexética e deportiva.



En setembro, Mutuasport presentaba o vídeo do seu **50 aniversario**, e recoñecía como **mutualistas de honra aos expresidentes da FGC Manuel Andrade e Arturo Pichel**, aos que a FGC tiña previsto facerlle entrega desta distinción nun acto a celebrar en Santiago de Compostela no mes de decembro, que finalmente tivo que ser suspendido por mor da pandemia sanitaria.



Outubro, arrancaba cos **cursos online de Formación de Responsables de Sociedades de Caza e de Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética**, dos que se dou conta nesta memoria.

Tamén en outubro, desenvolvíase en Cáceres, a terceira edición do **Congreso de Conservación, Caza e Cultura**, organizado pola **Federación Extremeña de Caza**, no que participaba a FGC cun relatorio sobre a xestión federativa, a cargo do seu presidente, Javier Nogueira.



En novembro a Federación participaba en **SPORTUR (Salón do deporte e turismo activo)**, celebrado en Expourense (Ourense), cun Stand e co Simulador de Tiro que facía as delicias dos asistentes.

En decembro renovábase o **convenio de colaboración entre a FGC e Abanca** polo que as sociedades de caza federadas que teñan aberta unha conta nesta entidade poden desfrutar de exencións de comisións.



Santiago de Compostela, a 31 de decembro de 2021

ANEXO

Deportista		Especialidade Deportiva	Clasificación	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Javier Devesa Bouzón con FINA (Sociedade de caza Vedra - A Coruña)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión do Campionato provincial de Coruña	Monfero (A Coruña)	15 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Virxe da Cela
Martín Martínez García con CAMARÓN (Sociedade de caza Mindoniense - Lugo)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión do Campionato provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	29 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza San Nicolás
José Manuel Barreiros Rivadas con BRISA (Sociedade de caza Cortegada - Ourense)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión do Campionato provincial de Ourense	Allaríz (Ourense)	8 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Allaríz Penamá
Antonio Sánchez Sesto con DIESEL (Sociedade de caza O Campo - Pontevedra)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión do Campionato provincial de Pontevedra	Xeve (Pontevedra)	5 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza O Campo
Salvador Sestelo Núñez con BEBA (Sociedade de caza A Tomiñesa - Pontevedra)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión do Campionato Galego	Santa Comba (A Coruña)	12 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza de Xallas
Antonio Sánchez Sesto con DIESEL (Sociedade de caza O Campo - Pontevedra)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da Copa Galicia 2021				

Gonzalo Rodeiro Louzao con ZEUS (Sociedade de caza Touro - A Coruña)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da proba puntuable para a Copa Galicia do Campionato provincial de Coruña	Monfero (A Coruña)	15 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Virxe da Cela
Antonio Sánchez Sesto con DIESEL (Sociedade de caza O Campo - Pontevedra)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da proba puntuable para a Copa Galicia do Campionato provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	29 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza San Nicolás
José Rodríguez Domínguez con RINDER (Sociedade de caza San Pedro de Crecente - Pontevedra)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da proba puntuable para a Copa Galicia do Campionato provincial de Ourense	Allaríz (Ourense)	8 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Allaríz Penamá
Álvaro Fontenla Filgueira con LITO (Sociedade de caza Corneira de Avia - Ourense)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da proba puntuable para a Copa Galicia do Campionato provincial de Pontevedra	Xeve (Pontevedra)	5 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza O Campo
José Manuel Barreiros Rivadas con BRISA (Sociedade de caza Cortegada - Ourense)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da Copa Deputación de Ourense	Allaríz (Ourense)	8 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Allaríz Penamá
Alejandro Couso Rosario con LIMA-NANNY-NARCO-JÚPITER-OKY-FUERTE (Sociedade de caza Pereiro de Aguiar - Ourense)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da Copa Federación de cans de rastro xabaril salvaxe, proba de ceiba	Iroite (A Coruña)	27 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Noia-Lousame
Salvador Sestelo Núñez con NEMO (Sociedade de caza A Tomiñesa - Pontevedra)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da proba de cans de rastro sobre xabaril salvaxe	Allaríz (Ourense)	26 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Allaríz Penamá

Alejandro Couso Rosario con PECO (Sociedade de caza Pereiro de Aguiar - Ourense)		Cans de rastro sobre xabaril	Campión da Copa Deputación de Ourense de cans de rastro sobre xabaril salvaxe	Allaríz (Ourense)	26 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza Allaríz Penamá
Elisa Amado Parga con JAMÓN DA QUEDA (Sociedade de caza a Perdiz de Paderne - A Coruña)		Cans de rastro sobre xabaril	Campioa da proba de cans de rastro atrelado sobre xabaril salvaxe	Narón (A Coruña)	10 de abril de 2021	Absoluta	Sociedade de Caza de Xuvia
José Manuel Pallas Germiñas con MARXAL DE PIAGO (Sociedade de caza Club amigos dos cans - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión masculino do Campionato provincial de Coruña	Ribeira (A Coruña)	24 de abril de 2021	Masculina	Sociedade de caza Barbanza
Nicolasa González Carrodegas con CONGA (Sociedade de caza Valdoviño - A Coruña)		Caza San Huberto	Campioa donas do Campionato provincial de Coruña	Ribeira (A Coruña)	24 de abril de 2021	Dona	Sociedade de caza Barbanza
Eloy Rodríguez Rego con TRAS (Sociedade de caza Barbanza- A Coruña)		Caza San Huberto	Campión levantadores do Campionato provincial de Coruña	Ribeira (A Coruña)	24 de abril de 2021	Levantadores	Sociedade de caza Barbanza
Corsino Valero Villar con KIRA (Sociedade de caza Sor - Lugo)		Caza San Huberto	Campión masculino do Campionato provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	30 de maio de 2021	Masculina	Sociedade de caza San Nicolás
Ana Isabel Arbiol Ledesma con TILA DE VILAR DE DONAS (Sociedade de caza Ulloa - Lugo)		Caza San Huberto	Campioa dona do Campionato provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	30 de maio de 2021	Dona	Sociedade de caza San Nicolás

José Sanmartín Pérez con FUTER DE FORVELAZ (Sociedade de caza Societario Terra Chá - Lugo)		Caza San Huberto	Campión levantadores do Campionato provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	30 de maio de 2021	Levantadores	Sociedade de caza San Nicolás
Jaime Aneiros Leira con ARCO DAS FONTIÑAS (Sociedade de caza Porqueira - Ourense)		Caza San Huberto	Campión masculino do Campionato provincial de Ourense	Xinzo de Limia (Ourense)	6 de marzo de 2021	Masculina	Sociedade de caza Xinzo de Limia
José Canosa Senlle con THOR DE FORVELAZ (Sociedade de caza Os Blancos - Ourense)		Caza San Huberto	Campión levantadores do Campionato provincial de Ourense	Xinzo de Limia (Ourense)	6 de marzo de 2021	Levantadores	Sociedade de caza Xinzo de Limia
José Ramón Zamora Lorenzo con XANTO DE ALECRIN (FGC PO)		Caza San Huberto	Campión masculino do Campionato provincial de Pontevedra	Baiona (Pontevedra)	9 de maio de 2021	Masculina	Sociedade de caza As Tres Bes
Saturnino Pereira Vidal con ALPHA ESTRELLAS DA TEBRA (Sociedade de caza Gondomarense - Pontevedra)		Caza San Huberto	Campión levantadores do Campionato provincial de Pontevedra	Baiona (Pontevedra)	9 de maio de 2021	Levantadores	Sociedade de caza As Tres Bes
René Vale García con SUAYPER de PIAGO (Sociedade de caza Societario Terra Chá - Lugo)		Caza San Huberto	Campión masculino do Campionato Galego	Castro de Rei (Lugo)	31 de xullo de 2021	Masculina	Sociedade de caza Societario Terra Chá
Nicolasa González Carrodegua con CONGA (Sociedade de caza Valdoviño - A Coruña)		Caza San Huberto	Campioa donas do Campionato Galego	Castro de Rei (Lugo)	31 de xullo de 2021	Dona	Sociedade de caza Societario Terra Chá

Juan José Canosa Vigo con TAYSON (Sociedade de caza Prado Salgueiro - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión levantadores do Campionato Galego	Castro de Rei (Lugo)	31 de xullo de 2021	Levantadores	Sociedade de caza Societario Terra Chá
Nicolasa González Carrodegas con BRUXO (Sociedade de caza Valdoviño - A Coruña)		Caza San Huberto	Subcampioa dona do Campionato de España	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Dona	Federación Madrileña de Caza
Antonio Costa López con DELTA (Sociedade de caza Venatoria Mañón - A Coruña)		Caza San Huberto	Terceiro Clasificado masculino do Campionato de España	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Masculina	Federación Madrileña de Caza
José Manuel Pallas Germiñas con MARXAL DE PIAGO (Sociedade de caza Club amigos dos cans - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión masculino da Copa Federación de España	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Absoluta	Federación Madrileña de Caza
Antonio Costa López con BRISA (Sociedade de caza Venatoria Mañón - A Coruña)		Caza San Huberto	Subcampión masculino da Copa Federación de España	Colmenar de Oreja (Madrid)	25 e 26 de setembro de 2021	Masculina	Federación Madrileña de Caza
Antonio Costa López con BRISA (Sociedade de caza Venatoria Mañón - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión da Copa Galicia 2021				
Roberto Dopico Dopico con BRUXO (Sociedade de caza Valdoviño - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión da Copa Federación de Coruña , puntutable para a Copa Galicia	As Pontes (A Coruña)	22 de maio de 2021	Absoluta	Sociedade de caza Venatoria As Pontes

Juan José Canosa Vigo con MAX DA CHOUSA (Sociedade de caza Prado Salgueiro - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión do Trofeo Cidade de Narón, puntuable para a Copa Galicia	Narón (A Coruña)	19 de xuño de 2021	Absoluta	Sociedade de caza Xuvia
Roberto González Arias con CICLON DE ALCOPORTO (Sociedade de caza Tordoia - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión da proba concellos de Tordoia e Trazo, puntuable para a Copa Galicia	Tordoia (A Coruña)	25 de xullo de 2021	Absoluta	Sociedade de caza Tordoia
Fernando Manso Gómez con CHISPA (Sociedade de caza Urogallo - A Coruña)		Caza San Huberto	Campión do Trofeo Cidade de Betanzos, puntuable para a Copa Galicia	Oza dos Ríos (A Coruña)	15 de agosto de 2021	Absoluta	Sociedade de caza Oza dos Ríos
SUAYPER DE PIAGO de René Vale García (Sociedade de caza Societario Terra Chá - Lugo)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas da Copa Federación Galega de Caza de Coruña	Frades (A Coruña)	4 de abril de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza Frades
BREN de José Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas da Copa Federación Galega de Caza de Lugo	Portomarín (Lugo)	30 de maio de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza San Nicolás
ÓSCAR DE LA JUDERÍA de Vicente Cortés Doce (Sociedade de caza Ortegá - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas continentais da Copa Federación Galega de Caza de Lugo	Portomarín (Lugo)	30 de maio de 2021	Razas continentais	Sociedade de caza San Nicolás
BERTA DE VILAR DE DONAS de José María Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas de Copa Federación Galega de Caza de Ourense	Xinzo de Limia (Ourense)	7 de marzo de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza Xinzo de Limia


BREN de José Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas de Copa Federación Galega de Caza de Pontevedra	Baiona	16 de maio de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza As Tres Bes
AZOR DA BRISA DA RÍA de Eloy Rodríguez Martínez (Sociedade de caza Barbanza - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas do Campionato Galego	Castro de Rei (Lugo)	1 de agosto de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza Societario Terra Chá
MAI DE LA JUDERÍA de Vicente Cortés Doce (Sociedade de caza Ortegá - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas continentais do Campionato Galego	Castro de Rei (Lugo)	1 de agosto de 2021	Razas continentais	Sociedade de caza Societario Terra Chá
BREN de José Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Subcampión razas británicas do Campionato de España	Santa Olalla (Toledo)	11 de setembro de 2021	Británicas	Federación Castela A Mancha - Paraje del Camino
BERTA DE VILAR DE DONAS (Brt.) de José María Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña) BREN (Brt.) de José María Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades -A Coruña) AZOR DA BRISA DAS RÍAS de Eloy Rodríguez Martínez (Sociedade de caza Barbanza - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Equipo campión razas británicas do Campionato de España	Santa Olalla (Toledo)	11 de setembro de 2021	Equipo razas británicas	Federación Castela A Mancha - Paraje del Camino
BERTA DE VILAR DE DONAS (Brt.) de José María Carnota Ríos (Sociedade de caza Frades - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas da Copa Galicia	Castro de Rei (Lugo)	1 de agosto de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza Societario Terra Chá
MAI DE LA JUDERÍA de Vicente Cortés Doce (Sociedade de caza Ortegá - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas continentais da Copa Galicia	Castro de Rei (Lugo)	1 de agosto de 2021	Razas continentais	Sociedade de caza Societario Terra Chá

ZETA de Marcos Estévez Rivas (Sociedade de caza Urogallo - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión da proba da Federación de Coruña de cans de parada sobre arcea	As Pontes (A Coruña)	14 de marzo de 2021		Sociedade caza Virxe da Cela)
GALA de Higinio Rodeiro González (Sociedade de caza Xuvia - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión iniciación de cans da proba da Federación de Coruña de cans de parada sobre arcea	As Pontes (A Coruña)	14 de marzo de 2021	Iniciación	Sociedade caza Virxe da Cela)
LAPO de Javier Pereiro Lamas (Sociedade de caza Viladabad - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas británicas da proba iniciación sobre paspallás	Tordoia (A Coruña)	7 de agosto de 2021	Razas británicas	Sociedade de caza Tordoia
NUCA DO LUGAR VELLO de Juan Ramón López Tojo (Sociedade de caza Touro - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión razas continentais da proba iniciación sobre paspallás	Tordoia (A Coruña)	7 de agosto de 2021	Razas continentais	Sociedade de caza Tordoia
TRISTAN de Eloy Rodríguez Rego (Sociedade de caza Porto do Son - A Coruña)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión iniciación de cans da proba iniciación sobre paspallás	Tordoia (A Coruña)	7 de agosto de 2021	Iniciación	Sociedade de caza Tordoia
ZARA DO COTO DA NEBOA de Francisco Santiago Rodríguez (Sociedade de caza Urogallo)		Cans de Parada- Caza Práctica	Campión Copa Federación de cans de parada sobre arceas	Baleira (lugo)	8 de xaneiro de 2022	Absoluta	Sociedade Baleira
Daniel Cebreiro García (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Campión open do Campionato Provincial de Coruña	Trazo (A Coruña)	11 de abril de 2021	Open	Sociedade de caza Río Sar


Daniel Cebreiro García (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Campión provincial nivel A do Campionato Provincial de Coruña	Trazo (A Coruña)	11 de abril de 2021	Nivel A	Sociedade de caza Río Sar
José Manuel Carou Rey (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Campión provincial nivel B do Campionato Provincial de Coruña	Trazo (A Coruña)	11 de xullo de 2021	Nivel B	Sociedade de caza Río Sar
José Suárez Rodríguez (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Campión provincial nivel C do Campionato Provincial de Coruña	Trazo (A Coruña)	11 de xullo de 2021	Nivel C	Sociedade de caza Río Sar
Jacobo Casal Mosquera (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Campión provincial Iniciado do Campionato Provincial de Coruña	Trazo (A Coruña)	11 de xullo de 2021	Iniciación	Sociedade de caza Río Sar
Daniel Cebreiro Garcia (Sociedade de caza Río Sar - A Coruña)		Compak Sporting	Campión provincial home do Campionato Provincial de Coruña	Trazo (A Coruña)	11 de abril de 2021	Home	Sociedade de caza Río Sar
